



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 551  
22 de outubro de 2019



CSV: BOPGDSPG4EIJ2PAoC8

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

#### I 57424 (10/PNP-004254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das medidas de atención á diversidade no CPI A Xunqueira e no CEIP plurilingüe O Ramo, do concello de Fene, para o curso 2019-2020

[182088](#)

#### I 57436 (10/PNP-004255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios para o riguroso cumprimento do procedemento administrativo común das administracións públicas, establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro

[182090](#)

#### I 57443 (10/PNP-004256)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego aos ministerios de Industria, Comercio e Turismo e de Transición Ecolóxica, así como á empresa Alcoa, en relación coa crise que está a atravesar a planta desta en San Cibrao, e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

[182092](#)

#### I 57469 (10/PNP-004257)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha lei de emprego de Galicia na cal se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego

[182097](#)

#### I 57499 (10/PNP-004258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do Hospital Povisa e a atención sanitaria que presta

[182100](#)

#### I 57516 (10/PNP-004259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de ampliación da depuradora dos Praceres, na ría de Pontevedra

[182103](#)



**I 57523 (10/PNP-004260)****Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co peche das centrais térmicas das Pontes e Cerceda-Meirama e o futuro socioeconómico desas comarcas [182107](#)

**I 57532 (10/PNP-004261)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do estaleiro vigués Vulcano [182117](#)

**I 57554 (10/PNP-004262)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles o dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública ás persoas con discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais [182119](#)

**I 57568 (10/PNP-004264)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos novos petróglifos achados nos montes de Taboexa, no concello das Neves [182121](#)

**I 57572 (10/PNP-004265)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actividade cultural que se está a desenvolver nas illas de San Simón e San Antón, no concello de Redondela [182124](#)

**I 57580 (10/PNP-004266)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas de Amnistía Internacional reflectidas no seu informe respecto do acoso escolar en España [182126](#)

**I 57590 (10/PNP-004267)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais [182129](#)

**I 57595 (10/PNP-004268)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recorte dunha praza de docente na Escola de Educación Infantil de Verducido, na provincia de Pontevedra [182132](#)

**I 57600 (10/PNP-004269)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia, de xeito participativo, dun plan de fomento da horticultura galega [182135](#)

**I 57606 (10/PNP-004270)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recursos económicos recibidos da Xunta de Galicia no curso 2018-2019 polos centros docentes concertados que segregan o alumnado por sexo [182137](#)

**I 57612 (10/PNP-004272)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas á etapa de formación posdoutoral [182141](#)

**I 57619 (10/PNP-004273)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto da creación dunha comisión especial de estudo sobre a problemática do xabaril [182144](#)

**I 57625 (10/PNP-004274)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias [182148](#)

**I 57635 (10/PNP-004275)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector do automóbil e as posibles consecuencias do Brexit no sector galego da automoción, así como a participación deste na Mesa da Mobilidade Sostible [182150](#)

**I 57640 (10/PNP-004276)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para impulsar e regular a profesión de educador ou educadora social [182153](#)



**I 57650 (10/PNP-004277)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e tratamento da obesidade e dos trastornos da alimentación [182157](#)

**I 57652 (10/PNP-004278)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de persoal prevista para a ambulancia de soporte vital avanzado do sur de Lugo, así como o cumprimento da legalidade e das condicións laborais no transporte sanitario urxente do 061 [182161](#)

**I 57655 (10/PNP-004279)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co deseño dun programa específico de apoio ás empresas galegas non exportadoras para a súa internacionalización [182164](#)

**I 57657 (10/PNP-004280)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Ourense respecto da decisión de abandonar o Programa Vioxén e a súa colaboración co Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero [182166](#)

**I 57665 (10/PNP-004281)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo asinado polo Sergas con Povisa no ano 2014 e as súas posteriores modificacións [182169](#)

**I 57671 (10/PNP-004282)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de profesionais de logopedia contratados polo Sergas na actualidade e a participación do Colexio Profesional de Logopedia de Galicia na mellora do sistema sanitario público [182172](#)

**I 57677 (10/PNP-004283)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa morte dunha persoa en Dozón durante a espera da chegada dunha ambulancia o día 14 de outubro, así como as demandas referidas á dotación da comarca do Deza cunha nova ambulancia [182174](#)



**I 57683 (10/PNP-004284)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o correcto funcionamento en Ourense do Sistema Vioxén, de seguimento integral nos casos de violencia de xénero [182176](#)

**I 57689 (10/PNP-004285)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca do Deza coa dotación de Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada [182179](#)

**I 57714 (10/PNP-004286)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as saturacións dos profesionais e as demoras na atención que se está a prestar no centro de saúde e PAC do concello da Laracha [182183](#)

**I 57733 (10/PNP-004287)****Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e 3 máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se celebren en países que lle denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos [182186](#)

**I 57735 (10/PNP-004288)****Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e 3 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa discriminación laboral que padecen as mulleres deportistas polo seu embarazo e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto [182190](#)

**I 57739 (10/PNP-004289)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Jove González, Xan Xosé**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa Declaración de María Pita referida á creación da Área Metropolitana da Coruña, e as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia aos concellos da Coruña e do seu contorno así como ás demais administracións implicadas ao respecto [182194](#)

**I 57756 (10/PNP-004290)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a exclusión pola Xunta de Galicia da comarca de Ordes das áreas de desenvolvemento eólico establecidas no actual Plan sectorial eólico de Galicia [182198](#)

**I 57765 (10/PNP-004291)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en I+D+i e as reivindicacións do persoal investigador ao respecto na Marcha pola Ciencia prevista o día 19 de outubro [182203](#)

**I 57771 (10/PNP-004292)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas necesidades de persoal especializado existentes no CPI dos Dices, no concello de Rois [182206](#)

**I 57777 (10/PNP-004293)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma [182209](#)

**I 57780 (10/PNP-004294)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas, co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia [182218](#)

**I 57791 (10/PNP-004295)**

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Ministerio de Xustiza e a Dirección Xeral de Xustiza en relación coa conversión da garda xudicial en gardas de 24 horas e quenda rotatoria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais da Coruña e Vigo [182221](#)

**I 57800 (10/PNP-004296)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o incremento pola Xunta de Galicia da dotación de persoal e do orzamento destinado á Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas [182225](#)

### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

#### Rexeitamento da iniciativa

**I 48230 (10/PNC-003901)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a posta en valor das torres defensivas do sur da provincia de Ourense [182081](#)

#### **I 55839 (10/PNC-004440)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sauna da Idade do Ferro achada no contorno do castro da Atalaia, no concello de Cervo [182081](#)

#### **I 56470 (10/PNC-004485)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa propaganda homofóbica distribuída polas asociacións ultra nos centros de ensino [182081](#)

### **1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**

#### **1.6.10. Vogais dos consellos sociais das universidades de Galicia**

Acordo do Pleno do Parlamento, do 22 de outubro de 2019, polo que se designan dous membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela [182082](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.6. Composición da Mesa das comisións**

##### **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

#### **I 56470 (10/CEEM-000048)**

Elección de secretario/secretaria da Mesa da Comisión [182082](#)

## **3. Administración do Parlamento de Galicia**

### **3.2. Recursos humanos**

Resolución da Presidencia do 16 de outubro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para ingresar polo sistema de quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información (grupo B) [182083](#)

Resolución da Presidencia do 16 de outubro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a ingresar polo sistema de quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia [182085](#)





## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

###### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de outubro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Admisión a trámite e publicación

- 57424 (10/PNP-004254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das medidas de atención á diversidade no CPI A Xunqueira e no CEIP plurilingüe O Ramo, do concello de Fene, para o curso 2019-2020

- 57436 (10/PNP-004255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios para o riguroso cumprimento do procedemento administrativo común das administracións públicas, establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro

- 57443 (10/PNP-004256)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego aos ministerios de Industria, Comercio e Turismo e de Transición Ecolóxica, así como á empresa Alcoa, en relación coa crise que está a atravesar a planta desta en San Cibrao, e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

- 57469 (10/PNP-004257)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha lei de emprego de Galicia na cal se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego

- 57499 (10/PNP-004258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do Hospital Povisa e a atención sanitaria que presta

- 57516 (10/PNP-004259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de ampliación da depuradora dos Praceres, na ría de Pontevedra

- 57523 (10/PNP-004260)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co peche das centrais térmicas das Pontes e Cerceda-Meirama e o futuro socioeconómico desas comarcas

- 57532 (10/PNP-004261)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do estaleiro vigués Vulcano

- 57554 (10/PNP-004262)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles o dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública ás persoas con discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais

- 57568 (10/PNP-004264)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos novos petróglifos achados nos montes de Taboexa, no concello das Neves

- 57572 (10/PNP-004265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actividade cultural que se está a desenvolver nas illas de San Simón e San Antón, no concello de Redondela

- 57580 (10/PNP-004266)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas de Amnistía Internacional reflectidas no seu informe respecto do acoso escolar en España

- 57590 (10/PNP-004267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais



- 57595 (10/PNP-004268)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recorte dunha praza de docente na Escola de Educación Infantil de Verducido, na provincia de Pontevedra

- 57600 (10/PNP-004269)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia, de xeito participativo, dun plan de fomento da horticultura galega

- 57606 (10/PNP-004270)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recursos económicos recibidos da Xunta de Galicia no curso 2018-2019 polos centros docentes concertados que segregan o alumnado por sexo

- 57612 (10/PNP-004272)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas á etapa de formación posdoutoral

- 57619 (10/PNP-004273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto da creación dunha comisión especial de estudo sobre a problemática do xabaril

- 57625 (10/PNP-004274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias

- 57635 (10/PNP-004275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector do automóbil e as posibles consecuencias do Brexit no sector galego da automoción, así como a participación deste na Mesa da Mobilidade Sostible

- 57640 (10/PNP-004276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para impulsar e regular a profesión de educador ou educadora social

- 57650 (10/PNP-004277)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e tratamento da obesidade e dos trastornos da alimentación

- 57652 (10/PNP-004278)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de persoal prevista para a ambulancia de soporte vital avanzado do sur de Lugo, así como o cumprimento da legalidade e das condicións laborais no transporte sanitario urxente do 061

- 57655 (10/PNP-004279)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co deseño dun programa específico de apoio ás empresas galegas non exportadoras para a súa internacionalización

- 57657 (10/PNP-004280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Ourense respecto da decisión de abandonar o Programa Vioxén e a súa colaboración co Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero

- 57665 (10/PNP-004281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo asinado polo Sergas con Povisa no ano 2014 e as súas posteriores modificacións

- 57671 (10/PNP-004282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de profesionais de logopedia contratados polo Sergas na actualidade e a participación do Colexio Profesional de Logopedia de Galicia na mellora do sistema sanitario público

- 57677 (10/PNP-004283)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa morte dunha persoa en Dozón durante a espera da chegada dunha ambulancia o día 14 de outubro, así como as demandas referidas á dotación da comarca do Deza cunha nova ambulancia



- 57683 (10/PNP-004284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o correcto funcionamento en Ourense do Sistema Vioxén, de seguimento integral nos casos de violencia de xénero

- 57689 (10/PNP-004285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca do Deza coa dotación de Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada

- 57714 (10/PNP-004286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as saturacións dos profesionais e as demoras na atención que se está a prestar no centro de saúde e PAC do concello da Laracha

- 57733 (10/PNP-004287)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se celebren en países que lle denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos

- 57735 (10/PNP-004288)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa discriminación laboral que padecen as mulleres deportistas polo seu embarazo e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

- 57739 (10/PNP-004289)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa Declaración de María Pita referida á creación da Área Metropolitana da Coruña, e as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia aos concellos da Coruña e do seu contorno así como ás demais administracións implicadas ao respecto

- 57756 (10/PNP-004290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a exclusión pola Xunta de Galicia da comarca de Ordes das áreas de desenvolvemento eólico establecidas no actual Plan sectorial eólico de Galicia



- 57765 (10/PNP-004291)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en I+D+i e as reivindicacións do persoal investigador ao respecto na Marcha pola Ciencia prevista o día 19 de outubro

- 57771 (10/PNP-004292)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas necesidades de persoal especializado existentes no CPI dos Dices, no concello de Rois

- 57777 (10/PNP-004293)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma

- 57780 (10/PNP-004294)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas, co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia

- 57791 (10/PNP-004295)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Ministerio de Xustiza e a Dirección Xeral de Xustiza en relación coa conversión da garda xudicial en gardas de 24 horas e quenda rotatoria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais da Coruña e Vigo

- 57800 (10/PNP-004296)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o incremento pola Xunta de Galicia da dotación de persoal e do orzamento destinado á Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 18 de outubro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da iniciativa

- 48230 (10/PNC-003901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, así como a posta en valor das torres defensivas do sur da provincia de Ourense

BOPG nº 455, do 03.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 55839 (10/PNC-004440)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sauna da Idade do Ferro achada no contorno do castro da Atalaia, no concello de Cervo

BOPG nº 538, do 27.09.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 56470 (10/PNC-004485)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa propaganda homofóbica distribuída polas asociacións ultra nos centros de ensino

BOPG nº 540, do 02.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



## **1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**

### **1.6.10. Vogais dos consellos sociais das universidades de Galicia**

#### **Acordo do Pleno do Parlamento, do 22 de outubro de 2019, polo que se designan dous membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela**

O Pleno de Parlamento, na sesión do día 22 de outubro de 2019, procedeu á elección de dous membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido no artigo 79.2 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, resultando designadas as seguintes persoas:

D. Ramón Medina González-Redondo  
D. Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.6. Composición da Mesa das comisións**

##### **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 18 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

- 56470 (10/CEEM-000048)  
Comisión 4ª, Educación e Cultura  
Elección de secretario/secretaria da Mesa da Comisión

Dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. Grupo Común da Esquerda (GCE)

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019  
Eva Solla Fernández  
Vicepresidenta 2ª





### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Resolución da Presidencia do 16 de outubro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para ingresar polo sistema de quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información (grupo B).**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xullo de 2019 convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexen para ingreso por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia.

Transcorridos os prazos de presentación de documentación requirida nas bases da convocatoria, ao abeiro do establecido na base 4.2, e á vista do informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, con indicación dos seus apelidos e nome, do DNI e das causas das exclusión que procedan, segundo figura no documento anexo.

2º. Ordenar a publicación desta Resolución no BOPG e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Presidencia do Parlamento, no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO

#### A) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDO	NOME	DNI
1	ARENAS HERNÁN	FRANCISCO RUBÉN	***1792**
2	ARNOSA CASAL	JUAN CIRILO	***8121**
3	AZZAM LOPEZ	ISSAM PABLO	***2189**
4	BAHAMONDE AMOR	JAVIER	***7146**
5	BELLO MERAYO	MARCOS	***4124**
6	BELLO MOTA	NATALIA	***8062**



Nº	APELIDO	NOME	DNI
7	CABADO LOURÉS	MARÍA DOS ANXOS	***1610**
8	CAMBEIRO AGULLEIRO	VANESA	***5990**
9	CAROU ORDÓÑEZ	ÁLVARO	***3884**
10	CERNADAS VILAS	JOSÉ SANTIAGO	***4545**
11	CRUZ BARCIA	DANIEL	***2625**
12	CUERVO MARTÍNEZ	CARLOS	***6485**
13	DANS GALÁN	CÉSAR MANUEL	***9180**
14	DÍAZ BOQUETE	JUAN CARLOS	***9215**
15	DOMÍNGUEZ GROBA	ANTONIO	***1443**
16	DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ	EMILIO	***8352**
17	ESPIDO NOYA	PABLO	***0644**
18	FERNÁNDEZ DÍAZ	IAGO	***7113**
19	FERNÁNDEZ LAMELA	LUCÍA	***1744**
20	FERNÁNDEZ LEIS	ROBERTO	***0924**
21	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	MARÍA	***3565**
22	FERNÁNDEZ SANDA	JOSÉ ANTONIO	***8044**
23	GARCÍA PAZ	ESTEBAN	***9251**
24	GÓMEZ BARREIRO	SERGIO	***0786**
25	GONZÁLEZ CARNERO	ODILO	***2815**
26	IGLESIAS ALLONES	JOSÉ LUIS	***4888**
27	LAMAS FERNÁNDEZ	ANTONIO	***2145**
28	LUBIÁN ESPINOSA	DAVID	***3847**
29	MARTÍN SOUTO	ROBERTO	***0126**
30	MARTÍNEZ SUÁREZ	LUIS	***2036**
31	MATA CERVERA	VERÓNICA	***2094**
32	MÉNDEZ MONTOTO	CARMEN	***2406**
33	MONTEAGUDO ESTEIRO	ALFONSO ENRIQUE	***6295**
34	MONTERO FERNÁNDEZ	BEATRIZ	***6421**
35	NEGREIRA LÓPEZ	JOSÉ	***9187**
36	NIETO MOURE	ANTONIO	***5603**
37	OLALLA CANO	CARLOS JAVIER	***0378**
38	PAZ GONZÁLEZ	BREIXO	***8824**
39	PEREIRO FUENTES	CARLOS	***3309**
40	PÉREZ BLANCO	ANA	***7353**
41	REGUEIRO JANEIRO	JOSÉ ÁNGEL	***3515**
42	RODRÍGUEZ DORREGO	SARA	***9903**
43	RODRÍGUEZ GAYOSO	RAFAEL	***8703**
44	SÁNCHEZ GARCÍA	NATIVIDAD	***2765**
45	SANTOS GARCÍA	MARCOS	***5099**
46	TAÍN VILANOVA	JOSÉ MANUEL	***7724**
47	TILVE ÁLVAREZ	CARLOS MANUEL	***6079**
48	TRABA MARTÍNEZ	MARÍA DOLORES	***9874**
49	VARELA GARRIDO	DAVID	***6516**
50	VÁZQUEZ PAZ	REBECA	***0101**
51	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	JOSÉ MANUEL	***5815**
52	VÁZQUEZ SUÁREZ	CARLOS	***0648**



Nº	APELIDO	NOME	DNI
53	VILARIÑO FIDALGO	TOMÁS	***2592**
54	VILLA VIEIRO	PABLO ALBERTO	***2836**
55	VILLARES Balsa	MIGUEL	***9354**
56	VILLASENÍN VAAMONDE	LUCÍA MARÍA	***0123**

B) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

Non hai.

**Resolución da Presidencia do 16 de outubro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a ingresar polo sistema de quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xullo de 2019 convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexen para ingreso por oposición libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Transcorridos os prazos de presentación de documentación requirida nas bases da convocatoria, ao abeiro do establecido na base 4.3, e á vista do informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, con indicación dos seus apelidos e nome, do DNI e das causas das exclusión que procedan, segundo figura no documento anexo.

2º. Ordenar a publicación desta Resolución no BOPG e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Presidencia do Parlamento, no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## ANEXO

## A) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	AMOR GÓMEZ	MARÍA BELÉN	***8836**
2	ALVITE VÁZQUEZ	YÉSICA	***4574**
3	BARROS GONZÁLEZ	RAFAEL	***5899**
4	BOUZA ROMERO	LAURA	***5639**
5	CARAMÉS GONZÁLEZ	MARTA	***2545**
6	CASTRO GARCÍA	SILVIA	***0801**
7	CHANTRERO CORNES	JUAN CARLOS	***1248**
8	COSTAS VILA	ÓSCAR	***6986**
9	DIOS LOUREIRO	BERNARDO JOSÉ	***1206**
10	DOCAMPO GONZÁLEZ	CARLOS	***6207**
11	DOMÍNGUEZ OUVIÑA	TANIA	***0809**
12	DOPAZO ABREU	CARMEN MARÍA	***9262**
13	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	PABLO	***8767**
14	GÓMEZ ALONSO	LETICIA	***0320**
15	GONZÁLEZ ALONSO	DAVID	***5631**
16	GUIMAREY CONSTANTINO	CARLOS	***7322**
17	IGLESIAS VARELA	MARIA ELIZABETH	***4471**
18	IGNACIO RIAL	ROCÍO	***3328**
19	LAGOS TORRES	MARÍA DEL CARMEN	***3170**
20	LOMBÁN PAZOS	MARTA MARÍA	***3875**
21	LÓPEZ PEREIRA	MILAGROS	***0487**
22	LORENZO CEA	ELENA MARÍA	***9654**
23	LUEIRO BUSTO	SERGIO	***1221**
24	MARCOS TORRES	MARÍA	***4006**
25	MARIÑO LAÍÑO	SILVIA	***3717**
26	MAYO GIRAUT	RUBÉN	***3295**
27	MONTERO ARES	INÉS	***8685**
28	MUIÑO POSE	ALICIA	***0182**
29	NOYA CORBELLE	NATALIA	***0974**
30	NÚÑEZ PENA	ANAÍS	***9105**
31	OJEA GARCÍA	BORJA	***6665**
32	OJEA GONZÁLEZ	MÓNICA	***0368**
33	ORODEA PIÑEIRO	AINHARA MAITE	***7553**
34	OTERO GUINEA	JOSÉ MARÍA	***1552**
35	PAZ GARCÍA	SANTIAGO	***9119**
36	QUINTÁNS BRUN	MANUEL	***5512**
37	RECIMIL LÓPEZ	ÁNGEL JOSÉ	***2276**
38	ROCHA CARRO	JUAN JOSÉ	***4897**
39	RODRÍGUEZ CARBALLO	REBECA	***2757**
40	RODRÍGUEZ OUTES	ANTÍA	***6997**
41	RUIBAL LISTA	DAVID	***6796**
42	SÁNCHEZ BARREIRO	MARÍA DEL CARMEN	***9322**



Nº	APELIDOS	NOME	DNI
43	SEOANE ROMERO	MARÍA	***2981**
44	SIEIRO CHEDAS	RUBÉN	***9883**
45	SOLIÑO LUBIÁNS	TALMA	***0763**
46	SOTO FERNÁNDEZ	LUIS ÁNGEL	***2769**
47	TORAL PAZOS	SANTIAGO NICOLÁS	***6322**
48	UTRERA IGLESIAS	DAVID MARTÍN	***9236**
49	VALCARCE RODRÍGUEZ	ELENA MARÍA	***3914**
50	VÁZQUEZ FREIRE	JORGE	***3972**
51	VELO CALVO	LORENA	***7465**

## B) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSAS DE EXCLUSIÓN

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
1	MEDEL IGLESIAS	ELADIO	***9556**	1
2	PÉREZ FEAL	SANDRA	***7999**	3
3	QUINTEIRO NOGUEIRA	NATALIA	***3479**	1
4	TAIBO RAMA	LORETO	***7767**	3

## CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- 1) Non achegar modelo de solicitude dentro de prazo conforme a cláusula terceira.
- 2) Non achegar copia do documento nacional de identidade conforme a cláusula 3.1.
- 3) Non ter aboados os dereitos de exame conforme o disposto na cláusula 3.1 e 3.2.
- 4) Defecto no aboamento dos dereitos de exame, conforme o disposto na cláusula 3.1 e 3.2. (*exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia*).

Devolución taxas das persoas excluídas: Conforme o disposto na base 3.2 da convocatoria, ás persoas aspirantes excluídas do proceso selectivo devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Para tal fin, deberán **presentar unha solicitude** no Rexistro do Parlamento de Galicia empregando o modelo que se pode descargar da páxina web do Parlamento de Galicia no apartado do proceso selectivo correspondente.

No caso de presentase pola sede electrónica do Parlamento de Galicia, <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/xen>, deberá achegar o antedito modelo de solicitude como documento adxunto a unha "Solicitude xenérica".



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario por parte de varias familias de alumnos e alumnas que están escolarizados/as no do CPI A Xunqueira de Fene e do CEIP Plurilingüe O Ramo, no concello de Fene, ao inicio deste curso 2019/2020, e que teñen necesidades educativas especiais, reduciuse o profesorado que presta atención á diversidade, o que dificulta o seguimento das clases destes nenos e nenas.

O sistema educativo en Galicia contempla a atención á diversidade como un dereito fundamental, tal como se recolle no Decreto 299/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CPI A Xunqueira e o CEIP Plurilingüe O Ramo son dous máis dos centros que se atopan afectados pola redución de profesorado sen que se teña recibido xustificación algunha ao respecto, situación esta que contribúe a unha redución da calidade educativa, sobre todo no ámbito da atención á diversidade, que sitúa en teoría, e segundo declaran de forma continua os responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Galicia no primeiro posto do Estado.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Dotar ao CPI A Xunqueira de Fene e ao CEIP Plurilingüe O Ramo do profesorado suficiente para levar a cabo as medidas de atención á diversidade identificadas e deseñadas polo departamento de orientación do centro para o curso 2019/2020.

2º. Que cumpra a súa obriga de dotar dos medios e apoios necesarios para que estes nenos/as poidan ter un pleno desenvolvemento persoal, nunha situación de igualdade ao igual que o resto dos seus compañeiros.



3º. Que garanta o dereito a recibir unha educación inclusiva de todos e todas con necesidades especiais, establecendo para iso as medidas de actuación que sexan necesarias.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/10/2019 19:24:06**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/10/2019 19:24:23**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 10/10/2019 19:24:36**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2019 19:24:52**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Teresa Porritt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A esfera xurídica de dereitos dos cidadáns fronte á actuación das administracións públicas atópase protexida a través dunha serie de instrumentos tanto de carácter reactivo, sistema de recursos administrativos ou o control realizado por xuíces e tribunais, como preventivo, a través do procedemento administrativo, expresión de que a Administración Pública actúa con sometemento pleno á lei e ao dereito.

A Lei 39/2015 do procedemento administrativo común establece unha regulación completa e sistemática das relacións entre as administracións e os administrados.

A Constitución no seu título IV, artigo 103 establece os principios que deben rexer a actuación das administracións públicas: principios de eficacia, seguridade xurídica e legalidade, ao impoñer o sometemento pleno da actividade administrativa á lei e ao dereito .

Estes principios materialízanse nun procedemento administrativo, entendido como o conxunto ordenado de trámites e actuacións formalmente realizadas, segundo a canle legalmente prevista, para ditar un acto administrativo ou expresar a vontade dunha administración e que debe de garantir o adecuado equilibrio entre a eficacia da actuación administrativa e a imprescindible salvagarda dos dereitos dos cidadáns que se deben exercer en condicións básicas de igualdade en calquera parte do territorio, con independencia da administración coa que se relacionen os seus titulares.

acordo coa CE a citada lei regula os dereitos e garantías mínimas que corresponden a todos os cidadáns respecto da actividade administrativa, tanto na súa vertente do exercicio da potestade de autotutela, como da potestade regulamentaria e iniciativa legislativa.

É dicir que o cumprimento das formalidades que esixe o procedemento administrativo constitúe a garantía do efectivo exercicio dos dereitos da cidadanía.

O informe do Valedor do Pobo, polo que respecta ás queixas en materia de *emprego público conclúe:*





- Seguen existindo por parte da Administración autonómica carencias importantes pola inactividade administrativa e o recurso excesivo do silencio administrativo.

Resulta alarmante o incumprimento do procedemento administrativo establecido pola Lei 39/2025 do procedemento administrativo común por parte da Administración autonómica, mentres esta esixe ao administrado o estrito cumprimento das obrigas legalmente impostas.

Administración e administrado non resultan iguais e deberían selo.

A falta de seguimento rigoroso dos trámites administrativos xera desconfianza no administrado, vulnerando de maneira efectiva ou non os seus dereitos, xa que as garantías formais dos procedementos establécense para defender os intereses lexítimos das partes en conflito, na maioría dos casos do administrado fronte á Administración pública.

Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha todos os recursos, humanos e materiais, necesarios para cumprir rigorosamente co procedemento administrativo común, por mandato legal establecido na Lei 29/2015.

Parlamento de Galicia, 10 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 11/10/2019 11:26:39**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 11/10/2019 11:26:53**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/10/2019 11:27:08**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira** e a súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á crise na planta de Alcoa en San Cibrao.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da planta de Alcoa en San Cibrao é moi preocupante. Segundo a empresa pode ser a primeira vez que o complexo integrado Alúmina-Aluminio dea perdas nun ano. E non só é polo problema enerxético, hai moitos mais motivos que hai que ter en conta de cara ao futuro.

E para rematar a visita da Ministra de Industria a factoría trouxo máis incertezas que solucións:

- Puxo en cuestión que se poda sacar a poxa de interrumpibilidade de decembro.
- Dixo que o Estatuto faría baixar o Mwh a un entorno de entre 40 e 45 € pero non dixo como.
- Afirmou que se poderían incrementar os 150 M€ das compensacións polos custos de CO2 que figuran nos orzamentos prorrogados de 2018 a 176 M€, esperemos que se executen de inmediato como prometeron.

A solución aos prezos da enerxía tería que vir por quitar a produción nuclear e hidráulica do Pool de poxas diarias para que poda ser comercializada mediante PPA'S por exemplo con ALCOA a prezo taxado. Este tipo de tarifas xa está contrastada pola UE como sucede coa a tarifa industrial francesa ARENH. Esa é a solución, pero claro iso tocaría os beneficios



ilexítimos das eléctricas e nesta situación a defensa dos traballadores de Alcoa e da Marina debilítase nas filas do Partido Popular, e tamén polo que parece nas do PSOE, sempre hai prioridades!

Ante todo isto a empresa decidiu reducir a produción de aluminio en xullo. Resultado 16 cubas paradas que agora xa son 32. De momento non afectou ao persoal fixo, pero si ao persoal eventual de substitucións de verano.

Se a compañía segue a parar cubas si afectaría ao emprego fixo.

Se chegaran a parar series enteiras o problema sería moito máis grave para rearrancar, ademais de non cumprir a interrumpibilidade. Implicaría moitos despidos e a volta atrás sería moi complicada.

Efectivamente, como se ven reclamando, ten que haber un goberno no Estado que tome decisións, e se non fora así os traballadores témense que a empresa tome decisións na liña do desmantelamento.

Pero tamén ten que haber outro Goberno, neste caso o da Xunta de Galicia, que tería que estar traballando tamén no futuro de Alcoa e en cuestións que son da súa competencia. Pero diso a Xunta de Galicia non fala, parece que xa renunciaron fai tempo a gobernar Galicia.

A rendibilidade dunha empresa non ven só por unha baixada de custos, asuntos que se están reclamando ata o de agora, tamén veñen da optimización dos procesos e dos produtos para conseguir máis ingresos. E un dos asuntos nos que terían que traballar a Xunta de Galicia ante Alcoa é na reclamación de que a cambio do seu apoio e tamén da de todo este Parlamento na consecución dun Estatuto satisfactorio, fixeran inversións para a optimización dos seus procesos, os seus custos e a súa pegada medioambiental como por exemplo coa acometida de gas a planta de aluminio para quentar os fornos de fundición que nestes momentos aliméntanse de fuel. A Xunta de Galicia fixo inversións para levar o gas ata a porta de Alcoa e a empresa non fixo a súa parte na factoría de aluminio.



Tamén esixir inversións para mellorar os produtos e así poder vender os de maior valor engadido, cousa que non está a suceder nestes momentos. Téñense que producir aluminios de calidade para a industria aeronáutica, para o automóbil, etc. O prezo da enerxía por suposto e decisivo, pero a optimización produtiva o é no mesmo nivel de importancia. Isto é o que garantiría de verdade o futuro de Alcoa.

Resumindo é imprescindible reclamar ao goberno do Estado o que ten que facer, pero a Xunta de Galicia tamén ten que facer o seu traballo. Non debe renunciar a gobernar.

Ante a situación mencionada na exposición de motivos consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a publicar de inmediato, o Estatuto de Industrias Electointensivas tendo en conta as alegacións das empresas, dos sindicatos e de todos os partidos políticos de Galicia.
- 2.- Recoller dentro do Estatuto a necesidade de quitar a produción nuclear e hidráulica do Pool de poxas diarias para que poda ser comercializada mediante PPA'S a prezo taxado.
- 3.- Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a executar de inmediato os 176 M€ de compensacións polos custos indirectos de emisións de CO2.
- 4.- Instar aos Ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica a solucionar todas as posibles trabas para garantir que a poxa de interrumpibilidade do mes de decembro de 2019 se poda realizar no prazo previsto cunha duración mínima de aplicación dun ano.



- 5.- Instar á empresa ALCOA a desenvolver a acometida de gas á planta de aluminio para que os fornos de fundición que nestes momentos se alimentan de fuel.
- 6.- Instar a empresa ALCOA a realizar inversións para mellorar os procesos e os produtos para producir aluminios de calidade para a industria aeronáutica, para o automóbil etc. e así poder vender os de maior valor engadido, cousa que non está a suceder nestes momentos.
- 7.- Esixir a Alcoa que na próxima poxa de interrumpibilidade solicite bloques polo total de 385 Mw que necesita a factoría para funcionar a plena capacidade.
- 8.- Condicionar todo tipo de axudas estatais ou autonómicas ao mantemento ou incremento dos postos de traballo, incorporando aos traballadores eventuais á plantilla fixa da compañía.
- 9.- Comezar a traballar xa, en colaboración coa empresa, nos traballos técnicos e medioambientais para desenvolver unha nova balsa de barros xa que a balsa actual podería chegar a colmatar no ano 2025.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 11/10/2019 12:10:35**





**David Rodríguez Estévez na data 11/10/2019 12:10:49**

**Paula Vázquez Verao na data 11/10/2019 12:11:05**

**Luis Villares Naveira na data 11/10/2019 12:13:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 156.984 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a



demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social, ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha Lei de emprego de Galicia, na que se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego, definindo o sistema de emprego de Galicia e a súa carta de servizos, así como a natureza, misións e funcións do Servizo Público de Emprego de Galicia, de xeito que se configure como organismo autónomo, reforzando o seu carácter de servizo público e dotando o mesmo de máis recursos humanos e materiais.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Manuel Lago Peñas

Deputada e voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 11/10/2019 13:13:36**





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2019 13:15:26  
Nº Rexistro: 57469  
Data envío: 11/10/2019 13:15:26.251

**José Manuel Lago Peñas na data 11/10/2019 13:13:47**

CSV: BOPGDSPG4EIJ2PAoC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

Nos recentes días foi coñecida a posibilidade de que a empresa propietaria do Hospital Povisa, propiedade ata o de agora dunha empresa galega, vendese este centro a un grupo empresarial norteamericano, dedicado principalmente ao negocio dos seguros médicos. Esta posible venda supón un elemento de inseguridade sobre as circunstancias que rodean á atención que presta este hospital na área sanitaria de Vigo.

O Hospital Povisa mantén un convenio co Sergas polo que supón o centro hospitalario de referencia para un volume aproximado de 135.000 persoas da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, e que supón un custe directo para os sistema público de máis de 80 millóns de euros ao ano. Esta circunstancia, xa anómala de por si, mantén un equilibrio inestable na prestación asistencial, xa que Povisa ofrece datos variables respecto do Sergas en cuestións como listas de espera ou as condicións laborais dos/as profesionais. A este escenario súmase a opacidade coa que o Sergas negociou e asinou con Povisa os últimos acordos, incluído o incremento da aportación que o sistema público fai a este centro privado para continuar coa asistencia concertada, elevando a contía pactada no anterior convenio por mor dunha intención unilateral da empresa de condicionar a asistencia sanitaria á recepción deses fondos.

A incerteza que rodea ao convenio e garantías que ofrece o centro Povisa e a opacidade e falta de información que a Xunta de Galicia vén amosando provoca preocupación na cidadanía e no colectivo de traballadores/as do centro.

Na primeira sesión de outubro (2019) do Pleno do Parlamento de Galicia o Goberno da Xunta de Galicia, a través do conselleiro de Sanidade e a preguntas de distintos grupos da oposición, non esclareceu a situación xurdida despois da venda, e tampouco promoveu ningunha nova solución para a excepcionalidade que se produce na área sanitaria de Vigo con este centro.



A realidade está en que hoxe non toda a poboación galega ten como centro hospitalario de referencia un centro público atendido por persoal público, o que debe ser resolto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un exhaustivo informe auditor da situación do centro hospitalario Povisa conforme ao acordo asinado co Sergas, así como das súas modificacións, que permita coñecer en profundidade a situación real e establecer criterios para a esixencia do seu cumprimento.
2. Estudar todas as posibilidades existentes para reverter ao sistema público a atención sanitaria hoxe prestada en Povisa, garantindo a máxima calidade asistencial e os postos de traballo.
3. Garantir a máxima calidade asistencial no centro hospitalario Povisa conforme aos estándares que o Sergas debe ofrecer para os centros hospitalarios de titularidade pública.
4. Defender o mantemento da plantilla de traballadores /as esixindo á nova firma propietaria que cumpra co volume e condicións laborais dos/as profesionais que prestan asistencia no centro Povisa.

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Vilán Lorenzo

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 11/10/2019 17:12:53**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 11/10/2019 17:13:03**

**Noela Blanco Rodríguez na data 11/10/2019 17:13:13**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/10/2019 17:13:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á ampliación da depuradora dos Praceres na ría de Pontevedra.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2015, logo da denuncia da Unión Europea ao Estado español polo incumprimento da normativa de depuración e da calidade das augas da ría de Pontevedra, a Xunta de Galiza anunciou a contratación dun Plan de Saneamento Local, con un investimento de 1,5 millóns de euros. Este plan foi adxudicado en xullo de 2016 á UTE formada por EPTISA e IDOM enxeñería por máis de 1,2 millóns de euros e un prazo de execución de 3 anos.

A día de hoxe, os concellos e as entidades relacionadas coa ría e co ámbito do plan non teñen coñecemento do documento. Así e todo, nos últimos meses, a Xunta de Galiza fixo públicas diferentes actuacións incluídas neste Plan, como a renovación da depuradora dos Praceres, a ampliación desta instalación ou a construción dun novo emisario submarino.

Así como a obra de mellora do proceso depurativo da EDAR, cun orzamento de 16 millóns de euros, conta co acordo unánime de todos os sectores e institucións, a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ampliación da depuradora é obxecto dun rexeitamento maioritario tanto na parroquia de Lourizán como no concello de Pontevedra.

Cómpre ter en conta que o Pleno do concello de Pontevedra adoptou o pasado 9 de outubro de 2018 o seguinte acordo unánime:

O Pleno do Concello rexeita a ampliación da actual EDAR dos Praceres e esixe das administracións competentes a exclusión, no Plano de saneamento da Ría de Pontevedra, de calquera proposta que contemple a indicada ampliación.

Malia este rexeitamento, a Xunta de Galiza anunciou a súa intención de seguir adiante co proxecto, do que non se coñece nada máis que unhas infografías.

Desde o BNG consideramos necesario que se analicen outras alternativas como a mellora da rede separativa, para reducir drasticamente a cantidade de augas da chuvia que entran aos colectores, e a construción de novas depuradoras.

Ademais, consideramos imprescindible controlar os vertidos procedentes do porto de Marín, impedindo que se vertan directamente á rede de saneamento grandes cantidades de materiais procedentes dos procesos de limpeza e tratamento de peixe.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Levar a cabo a obra de mellora do proceso depurativo da EDAR dos Praceres.
2. Facer público o Plan de Saneamento Local da ría de Pontevedra, que debería estar rematado en xullo de 2019.
3. Desbotar a ampliación da depuradora dos Praceres, polo forte impacto na contorna e porque existen outras alternativas que se poden levar a cabo como a mellora da rede separativa nos concellos que verten a esta instalación ou a construción doutras depuradoras na ría de Pontevedra.
4. Adoptar as medidas necesarias para controlar os vertidos do Porto de Marín á rede de saneamento.”

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/10/2019 12:11:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2019 12:11:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/10/2019 12:11:12**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2019 12:11:19**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/10/2019 12:11:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2019 12:11:41**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, David Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira e da súa deputada Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ás actuacións a desenvolver en As Pontes e Cerceda-Meirama para garantir o futuro socioeconómico das Comarcas.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes momentos de crise e incertidume ante o peche das centrais térmicas de carbón de As Pontes e Cerceda-Meirama, todas as forzas políticas, incluído o Partido Popular, falan de que hai que desenvolver e planificar unha Transición Enerxética Xusta, pero hai que concretala para que de verdade sexa transición a unha produción eléctrica descarbonizada e para que de verdade sexa xusta e non beneficie só aos de sempre.

Transición xusta claro, pero é transición xusta unha que regala o territorio as grandes eléctricas do oligopolio e a empresas de amigos como se Galicia fora o Oeste Americano de principios do século XIX? Pero que riqueza ou beneficios aportan estes parques eólicos a cidadanía dos territorios afectados. Se as cousas se fixeran ben e pensando na cidadanía, Galicia tería unha moi potente industria das enerxías renovables e podería financiar a transición xusta sen problemas.

Din agora que non temos tempo, claro que non, non o temos desde que pecharon as minas que alimentaban as centrais. E que se fixo nestes 12 anos?, nada.



Pretender pagar a Endesa por emitir gases de efecto invernadoiro, suprimindo fiscalidade ecolóxica ou por estar parada (os chamados pagos por capacidade) cualifícanse por eles mesmos e as propostas para que unha central de 1.400 Mw se alimente de biomasa forestal ou doutros biocombustibles e tecnicamente ridícula. Sorprendeunos moito o voto favorable do PSdG e moito mais o do BNG a estas propostas.

A proposta de suprimir o chamado céntimo verde, ao ter unha pequena incidencia no custo total de produción, na contorna dos 2 €/Mwh, non soluciona nada de cara a viabilidade da central e suporía soamente un regalo para ENDESA. Ademais mandaríá un mensaxe moi negativo as autoridades europeas que teñen que decidir as axudas, que empezarán a implementarse en 2021, para a recuperación das rexións europeas afectadas pola transición enerxética.

E non é válido tampouco o argumento de que ENDESA fai un gran esforzo despois de levarse miles de millóns para as arcas do estado italiano a partir dos recursos públicos da comarca de As Pontes.

De verdade alguén pode pensar que a Central que emite o 30% dos gases de efecto invernadoiro de Galicia e unha das 20 mais contaminantes de Europa ten por diante un longo futuro?

Saben que non ,e sábeno desde fai moito tempo, desde que a mina pechou, pero non fixeron nada, 12 anos sen facer nada

En Marea leva tres anos advirtíndoo e sempre nos chamaron alarmistas.

Non se pode mentir ás veciñas e veciños de As Pontes, por un puñado de votos, en vez de traballar e orzamentar no que de verdade podería garantir o futuro das hipercomarcas de Ferrolterra-As Pontes-Eume-Ortega e Cerceda-Ordes-Terras de Melide-Arzua. Hai que traballar na liña do que se está a facer na maioría de rexións Europeas afectadas pola transición enerxética, que están a demostrar, coa creación de mais emprego e de mais



calidade, que traballar polo futuro e traballar pola Transición Ecolóxica e Enerxética. **O camiño e o Green New Deal de Galicia.**

Imos tarde, pero aínda hai tempo para facelo se se empeza xa, e sobre todo hai inxentes orzamentos europeos e previsiblemente tamén Estatais para conseguilo ( só hai que mirar os exemplos de Alemania ou Francia con mais de 50.000 M€ de investimentos anuais para a Transición Ecolóxica). É o que lle corresponde aos Gobernos das Rexións de Europa que queiran estar á vangarda da Transición Enerxética e polo tanto ser destinatarios de inversións masivas é totalmente realizables nun curto prazo de tempo.

Claro que hai solucións, algunhas con aplicación inmediata como accións de choque ante a situación de emerxencia de algúns colectivos como os transportistas e as empresas auxiliares, que terían que ser implementadas con orzamentos da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado e outras nun prazo curto de entre 1 e 2 anos coas axudas previstas pola UE, coa participación da Xunta, Goberno do Estado, empresas implicadas e particulares. Para elo hai que comezar a desenvolverlas de inmediato, para ter os proxecto preparados antes de decembro de 2020. Seguro que a cidadanía de As Pontes e Cerceda-Meirama podería engadir a estas decenas de propostas que deberían ser analizadas.

Compre pasar dunha actitude de queixa ante a situación de posible depresión económica e social por unha actitude propositiva e proactiva.

### **E finalmente o desenvolvemento dunha nova Fiscalidade ecolóxica.**

A fiscalidade ecolóxica consiste en utilizar o sistema fiscal como medio para incentivar cambios de comportamento que se consideran positivos desde o punto de vista ambiental. Nun contexto de crecente desigualdade tanto na repartición da riqueza como na responsabilidade cara aos principais problemas ambientais, estes incentivos económicos deben ser parte dunha política ambiental, económica e social máis ampla que sirva para reducir esta brecha, facilitar os comportamentos sustentables ás clases menos favorecidas e garantir que os axentes económicos con maior impacto no medio ambiente sexan os principais contribuíntes ás arcas dos impostos verdes. Do mesmo xeito resulta



imprescindible que a recadación obtida desta política fiscal destínese integramente a facilitar a transición ecolóxica e alcanzar un modelo socioeconómico acorde aos límites do planeta. É necesario que a fiscalidade verde española achéguese ás dos países da nosa contorna (en termos de porcentaxe do PIB, España ocupa o posto 25 no ranking da fiscalidade ambiental da UE-28), para poder orientar o comportamento dos axentes económicos e contribuír á protección do medio ambiente e á mellora da xustiza social. A finalidade non é tanto recadar como cambiar as condutas que inciden negativamente sobre o medio ambiente, por este motivo serán necesarias outras medidas complementarias que garantan que estes cambios teñan lugar de maneira xusta.

Ante a situación mencionada na Exposición de motivos, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, O Grupo Mixto presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo para desenvolver o “Mapa da Transición Sostible de Galicia (CLEW-Galicia)”, baixo a dirección e coordinación das Universidades galegas coa participación de todos os colectivos implicados: Xunta de Galicia; Goberno do Estado; Concellos; empresas, sindicatos; asociacións cidadáns e ecoloxistas; etc.

2.- Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo, en paralelo ao “CLEW-Galicia”, para desenvolver dous proxectos piloto do mencionado Mapa nas macrocomarcas de Ferrolterra-As Pontes-Eume-Ortega e Cerceda-Ordes-Terras de Melide-Arzua, baseándose en modelos xa existentes en varias rexións europeas.

En nove meses, antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos, estatais e da propia Xunta de Galicia para poñelo en marcha.



3.- Instar aos Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integren ás Comunidades Autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

4.- Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda con participación da administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades, as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea.

5.- Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava, e que non foi executada.

6.- Instar ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER), que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

7.- Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.



8.- Instar a Endesa é Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

9.- Promover prioritariamente proxectos na liña da Transición Ecolóxica.

Os proxectos que ata este momento se tiñan apoiado estaban vinculados ao desenvolvemento de novas infraestruturas físicas, non dunha maior capacidade técnica dos traballadores. Hai que apostar de maneira decidida pola formación profesional no eido da sustentabilidade e das novas tecnoloxías presentes na transición enerxética: Instalación e mantemento en enerxías renovables; técnicas de eficiencia enerxética en edificios; técnicas de reciclaxe e eliminación de residuos; etc.

Os axentes económicos non buscan nestes momentos lugares con polígonos industriais, se non lugares con traballadores moi ben formados e cun alto nivel de produtividade. É tamén con infraestruturas dixitais e de banda larga de última xeración. Porque non as primeiras de 5G en Galicia en As Pontes e Cerceda. Isto é o complexo e diferenciador, facer unha nave non aporta ningún valor engadido.

10.- Desenvolver nas dúas comarcas ciclos formativos tanto para estudantes como para traballadores en activo de Formación Profesional en produción, instalación e mantemento de parques eólicos, instalacións fotovoltaicas, xeotérmicas e de biomasa. Isto atraería a empresas destes sectores a instalarse nestas comarcas.

11.- Promocionar e incentivar as actividades locais non deslocalizables que aproveiten os recursos autóctonos. Todo elo na liña de non voltar ao monocultivo industrial.



12.- Recoñecer a paisaxe como elemento fundamental para o benestar das persoas e a actividade económica. Desta maneira desenvolver iniciativas, co apoio financeiro de Endesa e Naturgy, para que as escombres pasen a ser elementos culturais, de ocio e de turismo sustentable. Cremos que se fixo un bo traballo de restauración ambiental nas de As Pontes e terían que pasar de maneira inmediata a ser un polo de creación de emprego ligado a natureza e o turismo.

13.- Creación do Centro de Recursos para o Desenvolvemento Sostible de Galicia. Coa participación do Estado, empresas e asociacións ambientalistas. Asociado ao mesmo estaría o centro de teste de nova tecnoloxía renovable.

14.- Creación dun Centro de Eco-Empresas que axude a instalarse na zona a empresas de enerxías renovables, eco-construción, fabricación e instalación de puntos de recarga eléctrica para automóviles e outros sectores verdes. Ligado ao centro de formación profesional especializado nestes sectores. Isto atraería a empresas de outras autonomías e fomentaría que leven aos seus técnicos a formarse neste centro. E por suposto rexeitar proxectos que non vaian nesta liña de futuro e que só presenten proxectos oportunistas ante os posibles incentivos.

15.- Desenvolver un plan piloto para a reforma enerxética de vivendas para conseguir aforros en calefacción e iluminación, co obxectivo final de vivendas neutras en emisións de carbono. Comezando polas vivendas vulnerables destes Concellos e por exemplo as vivendas das persoas xubiladas de Endesa as que arrebatou os seus dereitos de subministro de enerxía eléctrica. Isto posibilitaría tamén a creación dun novo tipo de emprego especializado na auditoría enerxética e o teste de medidas de eficiencia que despois se poderían implantar en toda Galicia.

Este plan podería dar traballo, despois dun proceso urxente de formación e reciclado profesional a todas as empresas auxiliares que traballaban ata o momento en As Pontes e Meirama.



16.- Creación dun centro de I+D+i para o desenvolvemento de novos materiais que utilicen como materia prima elementos reciclados e o desenvolvemento de novos procesos de reciclaxe.

17.- Creación do Centro de promoción, planificación e desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais en Galicia, localizándoo nas Pontes.

18.- Instar aos Concellos de As Pontes e Cerceda a dar exemplo, desenvolvendo unha política de compras verdes que ademais prime a produción local.

19.- Poñer en marcha de inmediato, en canto estea constituído o Goberno do Estado, os traballos de recuperación ambiental das Rías do Burgo e de Pontevedra. O transporte dos centos de miles de lodos tóxicos a planta de Sogarisa en As Somozas, para a súa inertización podería dar traballo aos transportistas de As Pontes por un período de mais dun ano. En paralelo se desenvolverá e financiará un plan urxente para abrir a posibilidade a estes transportistas de diversificar as súas posibilidades de traballo nun sector de forte demanda.

20.- Desenvolver todas as accións propias nos orzamentos da Xunta de Galicia, e instar ao Goberno do Estado nas que sexan da súa competencia, así como as actuacións ante a UE, para acadar a **Financiación** de todas estas iniciativas enumeradas anteriormente:

- a) Execución das partidas pendentes, decenas de millóns de euros, dos plans Miner paralizadas polo goberno do Sr. Rajoy.
- b) Execución das novas partidas previstas na disposición adicional centésimo oitava dos orzamentos de 2018, inda en vigor.
- c) Reclamar dotacións orzamentarias provintes da recadación por dereitos de emisión de CO2 como contrapartida aos millóns de toneladas que se deixarán de emitir nas Pontes e en Meirama. Todo o Estado que se beneficiou da produción eléctrica nestas comarcas ten que compénsalas agora.





- d) Acadar fondos europeos, a partir de 2021, despois de presentar o Mapa da Transición sostible de Galicia e as súas aplicacións as comarcas de As Pontes e Meirama.
- e) Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.
- f) Instar a Endesa é Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.
- g) Desenvolver dentro das súas competencias tributarias, e instar ao Goberno do Estado a desenvolver dunha nova Fiscalidade ecolóxica.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 14/10/2019 13:03:48**



**David Rodríguez Estévez na data 14/10/2019 13:04:01**

**Luis Villares Naveira na data 14/10/2019 13:04:10**

**Paula Vázquez Verao na data 14/10/2019 13:04:21**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

Nestes días soubemos que os administradores concursais do estaleiro vigués “Vulcano” comunicaron ao Xulgado do Mercantil que leva o procedemento a súa intención de abrir un ERE extintivo para case todo o seu cadro de persoal da empresa (en concreto, para 69 traballadores).

O Goberno galego e toda a Administración autonómica debería dar unha resposta ante esta situación, impedindo que finalizase a relación contractual coas persoas traballadoras e apostando pola aparición dun posible inversor.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a traballar na viabilidade do estaleiro vigués “Vulcano”, apostando en serio pola aparición dun novo inversor e mediando pola reincorporación dos traballadores que teñen sido obxecto dun ERE extintivo.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
José Manuel Pérez Seco  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 13:47:35**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/10/2019 13:47:54**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/10/2019 13:48:06**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/10/2019 13:48:21**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

Polo feito de selo, as persoas temos capacidade xurídica, mais a capacidade de obrar pode estar limitada por algunhas causas, tales como a minoría de idade ou a discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais, é dicir, resolucións de incapacidade xudicial.

O Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, de dereitos das persoas con discapacidade, establece como obxecto da lei garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo de dereitos polas persoas con discapacidade en igualdade de condicións con relación °

*En Galicia non é así: as persoas con calquera discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais non teñen dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública. Aínda que a Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, fala só de persoas físicas, o certo é que o Decreto 253/2007, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS), limita o acceso ás vivendas de promoción pública ás persoas maiores de idade que teñan plena capacidade de obrar. E así o indica o último Informe da Valedoría do Pobo de 2018, que recomendou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o cambio, contestando a consellería que a reforma se faría a través do regulamento de desenvolvemento da lei de 2012. Non obstante, varias resolucións do IGVS do mes de marzo deste ano seguen a ser discriminatorias.*

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a seguir a recomendación do Informe da Valedoría do Pobo de 2018 e mudar toda normativa galega, especialmente o Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e do Solo,



garantindo o dereito ao acceso a unha vivenda social ou de promoción pública ás persoas con discapacidade física ou intelectual con medidas xudiciais.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 17:12:08**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/10/2019 17:12:27**

**María Luisa Pierres López na data 14/10/2019 17:12:36**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/10/2019 17:12:48**

**Julio Torrado Quintela na data 14/10/2019 17:12:56**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/10/2019 17:13:05**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Levamos moito tempo denunciado os danos sistemáticos que sofre a arte rupestre galega e o conxunto do noso patrimonio cultural por mor do desleixo tremendo da Xunta de Galicia.

En agosto do ano pasado, a actividade descontrolada de maquinaria pesada causou importantes prexuízos a unha necrópole megalítica da zona de A Gándara de Espiñeira, na parroquia de Narla. A mesma traxedia volveu repetirse meses máis tarde, en febreiro deste ano, danando nove mámoas entre o Alto do Restelo e Louxas.

Algo semellante aconteceu recentemente, co agravante da participación do propio Goberno galego. A Xunta de Galicia causou estragos nun petróglifo de Chao de Sinás, na Serra do Xistral. O Goberno danou o petróglifo ao queimar unha zona arqueolóxica, catalogada e, presuntamente, protexida institucionalmente, para desfacerse do mato.

Pouco despois, no mes de maio, lamentamos novos danos ao patrimonio. Os petróglifos do Castriño de Conxo, en Santiago de Compostela, foron rascados



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

cun obxecto punzante, causando graves alteracións en catro figuras do panel inferior da lousa, tres puñais e un escutiforme.

A historia repetiuse unha vez máis nas localidades de Pol e Meira. Catro das nove mámoas pertencentes á necrópole de Acevreira, de 5.000 anos de antigüidade, foron enteiramente destruídas pola actividade de maquinaria pesada; outras dúas resultaron gravemente danadas. De nada serviu que as construcións megalíticas estivesen catalogadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Así as cousas, cómpre, porén, tomar medidas de inmediato para que a desfeita cese o antes posible.

O pasado 7 de decembro descubriuse unha colección de novos petróglifos nos montes de Taboexa, no municipio de As Neves, no mesmo val do río Miño. Segundo o Instituto de Estudos Miñoráns, trátase do maior descubrimento de arte rupestre das últimas décadas en Galicia, tanto pola tipoloxía dos gravados como pola súa cantidade e variedade. Na pedra están representados “uns vinte zoomorfos orientados en direccións diverxentes” xunto con inscricións abstractas. “Na parte alta presidindo, un home ben sexuado, a súa esquerda un cánido e debaixo un équidos ferido por arma longa” que foron inmortalizados usando tres técnicas distintas: esquemática, baleirado do corpo e dobre trazo.

A representación dos équidos nesta peza vén confirmar un novo paradigma da arte rupestre galega e portuguesa “entre o fondo da ría de Vigo e o río Lima o animal case exclusivo, multirepresentado, non é o cervo, son os équidos”.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A Consellería de Cultura manifestouse acerca deste descubrimento dicindo que aínda non estaba catalogado, pero que a priori lle parecía importante. Aínda así, tendo en conta os antecedentes mencionados, moito nos tememos que a Xunta de Galicia non saiba valorar e non protexa como corresponde o achado.

Por todo o exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a protexer os petróglifos achados nas Neves e divulgar e reivindicar o seu valor.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputada e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/10/2019 17:25:56**

**Luca Chao Pérez na data 14/10/2019 17:26:08**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

No ano 1869, Julio Verne publicaba “20.000 leguas de viaxe submarina”. Nunha das pasaxes da novela, o Capitán Nemo explicaba a visita do “Nautilus” aos fondos da ría de Vigo para rescatar cofres cheos de ouro e prata. Ao carón da Illa de San Simón (en Redondela) hai unha escultura de Nemo e dun buzo que só se albisca cando a marea baixa.

A illa foi na Idade Media antigo centro monástico cantado por Mendinho, habitada polos templarios a partires do século XII e logo polos franciscanos, cedida no século XV á raíña Isabel a Católica pola diocese de Tui e ata saqueada no século XVI por piratas ingleses. Soportou todas as pandemias de cólera e lepra que viñan cos mariñeiros dos máis de 2400 barcos que chegaron á ría e, en 1927, pechou a súa leprosería, construíndo entón a ponte á illa de San Antón. Entre 1936 e 1943, os edificios da illa foron empregados como campo de concentración para os máis de 2500 presos contrarios ao franquismo e á ditadura. As condicións de vida eran inhumanas e os fusilamentos contáronse por centos.

No ano 1999, o conxunto das Illas de San Simón e San Antón foi declarado BIC, comezando anos despois a reconstrución ata que no ano 2006, a Xunta de Galicia o declarou símbolo da represión. Na actualidade, a Xunta de Galicia defínea como “A Illa do Pensamento”, tendo como fin convertela nun faro de actividade cultural con capacidade para atraer a pensadores e institucións de relevancia internacional e difundir a cultura de Galicia. Mais a realidade é que o estado dos monumentos e a actividade cultural son ben lamentables -só serve como “patio de recreo” para excursións-. Alí están a Casa da Cultura e dos Deportes do Mar, a leprosería, unha capela, a Residencia “Stella Maris”, un auditorio multiusos, dous miradores, un centro de interpretación e documentación, un cemiterio, un osario, a ponte que une as illas, un embarcadoiro, xardíns, un paseo de acacias e outro de buxos ou viveiros de plantas. Todo estivo en funcionamento no seu día cun gran investimento, hoxe esmorece de forma absurda e inxustificada.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dinamizar a actividade do conxunto das illas de San Simón e San Antón, no Concello de Redondela, coa fin de que constituán realmente un faro de actividade cultural no noso país.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 18:07:22**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 14/10/2019 18:07:31**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/10/2019 18:07:39**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/10/2019 18:07:47**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Amnistía Internacional presentou un informe sobre o acoso escolar en España, moi centrado nos casos de Galicia e Estremadura, no que denuncia que hai milleiros de rapaces e rapazas vítimas desta violencia que aínda permanecen ocultos, tanto porque “as medidas para atallar o acoso non están funcionando” como porque a Administración comete erros sistemáticos na recollida de datos.

A investigación centrouse nos casos de Galicia e Estremadura porque a Amnistía Internacional pareceulle significativo que foran as dúas comunidades autónomas con menos chamadas aos servizos de atención telefónica do Ministerio de Educación. O reducido número de chamadas non implica que en nestas comunidades se produza menos acoso escolar, senón que está máis agochado, como revelan as testemuñas das familias e dos docentes recollidas no documento da ONG.

Para elaborar o informe, Amnistía Internacional reuniuse con docentes, directores de centros, orientadores/as, psicólogas/os, anpas, organizacións de voluntariado, sindicatos, inspectores/as educativos, membros da oficina do Valedor do Pobo e, por suposto, con adolescentes. Tamén se reuniu co Centro Nacional de



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Innovación e Investigación Educativa do Ministerio e co responsable da inspección educativa de Estremadura. Malia todo, a organización non puido reunirse con ningunha autoridade educativa da Xunta de Galicia, porque, segundo o Goberno, non se puido adecuar a súa axenda.

Tralas conversas (e tralo elocuente silencio do executivo galego) Amnistía Internacional concluíu que as autoridades “non están adoptando todas as medidas necesarias para protexer aos nenos e nenas, previr o acoso escolar e facilitar que se informe de todas as denuncias e queixas”.

É por iso que a ONG solicita:

- Un sistema de denuncias rápido, eficaz e á medida dos nenos, nenas e adolescentes, para que se sintan escoitados/as, seguros/as e protexidos/as.
- Formación do profesorado para que saiba detectar e intervir nos casos de acoso escolar nas aulas.
- Axuda entre iguais para que se aprenda a detectar e intervir nos casos de acoso escolar nas aulas.
- Formar aos pais e nais para axudarlles a recoñecer na casa cando os seus fillos/as sofren acoso e que saiban como actuar.
- Recoller da maneira máis axeitada datos para coñecer a realidade do acoso escolar en España.

A Xunta de Galicia faría ben tomando nota do extenso traballo de Amnistía Internacional; traballo no que non quixo participar para ocultar as súas eivas en materia de loita contra o acoso escolar.



Por todo o exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asumir as demandas de Amnistía Internacional en materia de acoso escolar e adoptar as medidas pertinentes para satisfacelas.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputada e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/10/2019 18:12:15**

**Luca Chao Pérez na data 14/10/2019 18:12:28**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.



A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

- 3.1. Financiamento local.
  - 3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.
  - 3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:





1º) Enviar ao Parlamento un proxecto de lei, consensuado coa Fegamp, para regular a participación no financiamento dos concellos galegos por parte da Xunta de Galicia.

2º) Incrementar substancialmente as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, integrándoas no Fondo de Cooperación Local para o exercicio 2020, e distribuíndoas con criterios de carácter obxectivo pactados coa Fegamp.

3º) Establecer neste exercicio 2019, de cara á próxima aprobación dos orzamentos de 2020, os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran todos os concellos en igualdade de oportunidades

4º) Establecer un acordo para que o canon da auga se reparta con criterios obxectivos e se traslade unha parte da súa execución ás entidades locais, de xeito que poidan recibir como transferencias de capital unha porcentaxe significativa das recadacións que se levan en cada concello.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/10/2019 18:33:43**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 14/10/2019 18:34:05**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 18:34:17**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/10/2019 18:34:32**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/10/2019 18:34:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Dende que o Partido Popular rexenta o Goberno da Xunta de Galicia, o final do curso político é sempre tempada de recortes educativos. Este ano non vai ser una excepción. Fai pouco advertimos do que está a acontecer co Colexio Rural Agrupado de Narón, que, malia cumprir estritamente os requisitos esixidos pola Consellería de Educación para a súa reapertura, semella que o próximo curso vai ser pechado definitivamente. Agora, é a Escola de Educación Infantil Verducido, sita no rural pontevedrés, a que está ameazada polo Goberno de Núñez Feijóo.

A escola infantil de Verducido ten moi boa fama na súa contorna polo xeito que ten de conxugar a formación educativa clásica coa posta en valor da natureza e do rural. Para levar a cabo o seu importante labor, contou ata o de agora con tres prazas para o profesorado: dúas para infantil e unha máis para os dous primeiros cursos de primaria, que tamén se imparten no centro.

Non obstante, o martes 25 de xuño o Goberno galego comunicou a súa vontade de suprimir un dos postos docentes por mor da diminución do alumnado. A norma só obriga a abrir unha nova aula cando se superan os 20 alumnos e alumnas e no ciclo de Infantil de Verducido pasouse de 21 matriculados a 18.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Así as cousas, quedarían, se non se reverte o recorte, dúas mestras para 32 nenos e nenas de entre 3 e 8 anos. 18 dos rapaces cursarían infantil; o resto, primeiro e segundo de primaria. Isto contrasta moi negativamente co que acontece no resto do Estado, onde a ratio media para infantil é de 9 alumnos e alumnas por aula.

A situación dificultaría enormemente o traballo das dúas mestras que xa arrastran a dificultade de sumar as súas funcións docentes as tarefas propias da dirección, a secretaría e a xefatura de estudos. A isto hai que engadir que, nos momentos nos que se producira a ausencia puntual dunha delas, a outra tería que facerse cargo en solitario de 32 nenos e nenas.

A pesar disto, o Xefe Territorial da consellería de Educación en Pontevedra, César A. Pérez Ares, limitouse a argumentar que o que acontece é o resultado da caída demográfica. O que parece non entender é que a demografía cae, en gran medida, porque as familias non dispoñen de servizos públicos dabondo que lles permitan conciliar e asentarse no territorio.

Ao recortar unha praza de profesorado na Escola de Educación Infantil Verducido, o Goberno de Núñez Feijóo contribúe, novamente, a baleirar o noso país.

Por todo o exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reverter o recorte da praza de mestra da Escola de Educación Infantil de Verducido.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputada e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/10/2019 19:06:56**

**Luca Chao Pérez na data 14/10/2019 19:07:10**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Si se observan os datos do Instituto Galego de Estatística sobre os principais produtos hortícolas dos que hai rexistros, entre 2009 e 2017, observamos que practicamente todos eles baixan a súa produción.

Tomate, feixón verde, cebola e repolo descenden de xeito importante e só a leituga mantén a mesma produción.

O descenso da produción do tomate en Galiza é de 7.768 toneladas, o que significa un descenso do 7,5% da produción.

A produción da cebola descende un 24,90% e 10.061 tms, o feixón 6.880 tms e un descenso do 12%, e o repolo perde 20.423 tms de produción cun descenso porcentual dun 25%.

Son importantes descensos que non se ven compensados polo incremento do 2,1% da produción de leituga que significan 525 tms.

En troques as importacións de legumes, hortalizas e tubérculos incrementáronse neses mesmos anos un 45%.

Tendo Galiza como ten un grande potencial de desenvolvemento dunha horticultura de calidade e diversificada non se deberían obviar estes datos.

A administración debe de diagnosticar esta realidade e plantexar liñas de traballo que corrixan estas situacións.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/10/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 57600  
Data envío: 14/10/2019 19:34:18.959

A potenciación deste tipo de cultivos é unha oportunidade de creación de emprego, riqueza e fixación de poboación no rural.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a elaborar e aprobar dun xeito participativo un Plan de fomento da horticultura galega co obxectivo de reverter esta dinámica creando oportunidades de futuro no agro galego.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 14/10/2019 19:30:26**

**Marcos Cal Ogando na data 14/10/2019 19:30:40**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa ao diñeiro que reciben os centros concertados.

### Exposición de motivos

En marzo de 2017 o Goberno galego aprobou unha nova orde que ampliou os concertos educativos ata o 31 de agosto de 2023. Na mesma orde eliminouse o criterio de preferencia da educación en igualdade para o financiamento dos colexios concertados.

O asunto, que xa denunciámos neste Parlamento en numerosas ocasións, é dunha inmensa gravidade, xa que os centros concertados prexudican á educación igualitaria. Os centros concertados segregan ao alumnado atendendo ás características sociodemográficas das súas familias (ingresos, nivel educativo, orixe...) e, nalgunhas ocasións, mesmo en función do sexo dos rapaces e das rapazas.

Recentemente, o diario dixital Praza solicitou información ao Goberno galego, ao amparo da Lei de Transparencia, para coñecer canto suman as partidas económicas que a Xunta dedicou o curso pasado aos cinco colexios concertados de Galicia que discriminan aos alumnos e alumnas por sexo. Os cinco colexios



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

referidos son: Montespeño e Peñarredonda na Coruña, e Las Acacias, Montecastelo e Aloya en Vigo. A Consellería de Educación respondeu á petición admitindo que non coñecía os datos que se lle solicitaban. Así mesmo, a Consellería apelou a unha excepción da Lei de Transparencia –que indica que as administracións teñen a potestade de non responder as peticións se iso supón reelaborar os datos– para non ter que procurar a información.

Na súa argumentación, a Consellería expuxo que:

“A información económica dos pagamentos realizados aos centros concertados polos conceptos “Pagamento delegado de persoal docente”, “Outros gastos” e “Persoal complementario” realízase mediante documentos contables globais que reflicten o importe total por provincias, e non se detalla individualizadamente o importe de cada centro.

Para poder facilitar a información relativa a un centro para cada un dos documentos de pagamento realizados, cómpre recabar a documentación física que o acompañaba e extraer o importe que, dentro de cada un dos documentos contables, lle corresponde.

Así mesmo, habería que realizar este proceso con todos os pagamentos anuais o que implicaría un proceso de reelaboración extraendo a información de múltiples expedientes e soportes indicados a continuación, xa que a información figura sistematizada dunha forma distinta á que solicita”.

Desta maneira, a Xunta de Galicia admite que non dispón do detalle dos fondos





que recibiron os colexios que segregan por sexo.

A resposta da Consellería de Educación é inadmisíbel. Os galegos e as galegas teñen dereito a coñecer, de maneira clara e sinxela, canto diñeiro dedica o seu Goberno aos colexios concertados, cuxa vontade segregadora está máis que demostrada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Facer o traballo de reelaboración de datos que sexa preciso para especificar canto diñeiro recibiron o curso pasado e por que conceptos os colexios galegos que segregan por sexos.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 15/10/2019 10:23:46**





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/10/2019 10:23:59**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás bolsas posdoutorais da Xunta de Galicia.

### Exposición de motivos

Malia que en campaña electoral tódolos partidos políticos se comprometen a incrementar as partidas dedicadas a mellorar as condicións da carreira científica, á hora da verdade os investigadores e investigadoras continúan padecendo unha financiación insuficiente e unhas convocatorias públicas irregulares, tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

A precariedade investigadora comeza xa na etapa predoutoral. Os investigadores e as investigadoras que teñen a fortuna de conseguir unha bolsa-contrato para facer a súa tese ingresan pouco máis de 1.000 euros mensuais. Unha vez doutorados, teñen que competir con milleiros de compañeiros e compañeiras para acceder a un dos escasos contratos que ofertan o Ministerio de Ciencia e os gobernos autonómicos.

Como consecuencia do escaso apoio que reciben, milleiros de científicos e científicas vense abocados ao paro, á precariedade ou a emigración. Son moi poucos os que logran, finalmente, incorporarse en prazas estables das universidades públicas españolas, e nin sequera eles gozan da tranquilidade que



precisan para desempeñar a súa labor, xa que teñen que continuar pelexando para conseguir financiación.

O implacable sistema de financiamento da carreira política en España fai que tódolos anos investigadores e investigadoras de prestixio abandonen a súa vocación ou decidan levar os seus proxectos ao estranxeiro. Isto é unha traxedia non só para os profesionais altamente cualificados do noso país, senón tamén para o conxunto da cidadanía, que se ve privada dos resultados dos seus logros científicos.

En Galicia a situación non parece que vaia remontar no curto prazo. O pasado 4 de outubro publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución das axudas conxuntas das consellerías de Educación e Economía á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, en organismos públicos de investigación e noutras entidades do Sistema de I+D+i. As axudas son un 10% inferiores ás do ano pasado, tanto na contía como no número de beneficiarios.

No 2018, dedicáronse 6.390.240 euros á mesma modalidade de axudas posdoutorais, fronte aos 5.729.000 deste ano; e houbo 52 beneficiarios e beneficiarias, 6 máis que en 2019.

Deste xeito, nun momento excepcionalmente delicado para a investigación que se está a desenvolver no noso país, observamos con perplexidade e tristura que o Goberno da Xunta volve insistir no proxecto de desmantelamento da carreira investigadora.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Axustar a contía e o número das axudas posdoutorais ás necesidades dos investigadores e investigadoras de Galicia, comezando por recuperar o investimento de anos anteriores e por compensar a perda do presente ano.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 15/10/2019 11:24:27**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/10/2019 11:24:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade da creación dunha Comisión de estudo sobre a problemática do xabaril.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 9 de outubro de 2019 o DOGA publica catro resolucións, do 27 de setembro, das Xefaturas Territoriais da Consellería de Medio Ambiente da declaración de emerxencia cinexética que afectan a 33 concellos de Galiza.

Esta insólita declaración ven acompañada dunha forte polémica pola preocupación que implican as consecuencias derivadas das medidas que contemplan esta resolución e que supoñen un risco certo e moi alto sobre a seguridade das persoas que transiten por áreas forestais e propiedades nas superficies de monte afectadas (que abranguen 481. 170 has) e condutores que circulen polas vías próximas a estas áreas onde terá lugar unha presión cinexética intensiva non vista antes no País.

Cabe tamén facer mención que son moitos os expertos que ven na xustificación desta declaración un suposto de incumprimento da normativa específica sobre a que sustentar dita autorización. Así dita declaración susténtase sobre a base de que “as poboacións de xabaril ven experimentando nos últimos anos un incremento no conxunto





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do territorio”, así coma, que “ estas poboacións poden ser un elemento perturbador importante de certas comunidades de flora e fauna”.

Sen máis datos ca estes, e que máis ben parecen responder a unha reacción de forte presión dende determinados sectores da sociedade, e un forte eco nos medios de comunicación, a administración responsable xustificando esta aparente sobreabundancia sen ir precedida dos correspondentes estudos científicos sobre os datos demográficos, nin para eses 33 concellos, nin para o resto do territorio galego. A falta de informes técnicos non pode verse suplida polos expedientes de reclamación, pois deses datos non se pode desprender evidencia científica e/ou técnica que acredite esas situacións, declarándose dita emerxencia cun absoluto descoñecemento da poboación real.

Coa ameaza dunha posible chegada da Peste Porcina Africana a falta absoluta de criterio e rigor na situación co xabaril, a ausencia de axudas abundas para paliar e afrontar os danos que ocasionan, levan unha deriva de crecente tensión e preocupación social, na que neste Parlamento nega calquera posible debate. Atopámonos así nunha situación que precisa dunha profunda revisión e debate e tratar de chegar a conclusións nas que se dispoña de propostas e medidas claras que rematen con tanta improvisación e máis co grave risco de poder ter consecuencias realmente graves:

- A PPA de chegar tería un impacto demoledor sobre as granxas do país.
- A inseguridade que xeran as medidas excepcionais de caza impostas pode incluso rematar con accidentes moi graves.
- As actividades agrogandeiras están desamparadas e desasistidas dunha solución continuada no tempo.
- As consecuencias sobre a biodiversidade do noso territorio son moi negativas, sendo inadmisibile que non exista unha xestión da especie asentada sobre criterios





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

técnicos e científicos e no seu lugar se contemplan solucións de moi dubidosa legalidade.

Por todo isto, estimase conveniente e oportuno demandar a este Parlamento a constitución dunha Comisión especial de estudo, por adecuarse esta problemática ás características deste tipo de comisións, en tanto que son obxecto habitual destas o estudo ou análise dun sector concreto da actividade pública, ou da sociedade, que presenta unha problemática ou complexidade específica. Obviamente neste caso, nin a administración pública é quen de explicar o que está facendo, e no rural existe unha auténtica desesperación con isto. Polo que resulta acaído que unha comisión deste tipo faga acopio de información e documentación sobre este asunto, apreciándose a necesidade de consultar especialistas e persoas competentes por razón da materia coa finalidade de elaborar un Ditame final que recolla as conclusións da actividade despregada pola Comisión e, no seu caso, as propostas ou recomendacións que consideren oportunas.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda por resolución, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios, a creación dunha comisión especial de estudo sobre a problemática do xabari.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2019 13:33:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2019 13:33:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2019 13:33:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2019 13:34:05**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2019 13:34:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2019 13:34:21**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A aplicación da Lei de garantías de prestacións sanitarias conleva unha posibilidade de derivación de pacientes da sanidade pública a centros concertados, co obxectivo de cumprir os prazos da maior brevidade posible na intervención e tratamento.

Nestas situacións, en numerosas ocasións os/as usuarios/as do sistema público manifestan as súas queixas sobre a dificultade de renunciar á oferta de ser intervidos nun centro concertado, problema que ten o seu eixo fundamental na ausencia de información sobre o proceso no propio centro público.

A recente comparecencia da valedora do pobo para presentar o seu informe do ano 2018 fíxose eco dunha proposta que ten existido sobre a mellora deste proceso, e que consistiría en ofrecer á persoa usuaria a información completa sobre o seu proceso de intervención e tratamento. Esta información trataría de que o usuario/a puidera coñecer o tempo previsto de espera no sistema público no caso de rexeitar a proposta de ser derivado a un centro concertado. Con esta información permitiríase ser máis eficiente no caso da decisión, permitindo finalmente ao usuario escoller de maneira real sobre as posibilidades que existen.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar aos seus protocolos de actuación a información a usuarios/as do sistema de tempo estimado de demora da súa intervención cirúrxica no centro público, no momento da decisión sobre a posibilidade de ser intervidos nun centro concertado en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias.



2. Asumir como compromiso de actuación o tempo de demora informado a usuarios/as segundo se indica no punto anterior, para conquistar unha maior calidade e confiabilidade no proceso para o sistema sanitario público.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 15/10/2019 13:47:19**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2019 13:48:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2019 13:48:33**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A automoción é un sector clave na produción industrial galega, acadando en 2018 uns 8.650 millóns de euros de facturación (aproximadamente o 13,5 % do PIB galego) e 22.300 empregos (que supoñen o 13 % do emprego industrial de Galicia).

En canto ás exportacións, o conxunto do sector de automoción os turismos, compoñentes de automoción e vehículos de transporte supoñen hoxe un de cada catro euros exportados desde Galicia, aínda que na primeira metade deste exercicio ten sufrido un retroceso de preto do 20 %, cuaduplicando as caídas do conxunto do Estado.

Nestes momentos o sector da automoción enfróntase a tres grandes retos: o impacto da dixitalización, a transición cara a unha economía descarbonizada e un modelo económico máis circular, e a globalización e a competencia internacional; polo que o traballo conxunto entre todos os sectores implicados é fundamental para trazar unha folla de ruta que lle permita ao sector enfrontarse a estes retos.

Esta folla de ruta debe estar baseada en cinco eixos, de acordo co Plan estratéxico de apoio integral ao sector da automoción:

1. Constitución dunha mesa de mobilidade sostible e conectada, que reúna ao sector da automoción no seu conxunto.
2. Revisión da fiscalidade asociada ao sector da automoción co obxectivo de definir unha nova fiscalidade “verde” máis encamiñada ao uso, e que favoreza a reorientación do sector e da sociedade no seu conxunto.
3. Impulso dos investimentos no sector da automoción, especialmente os orientados a I+D+i, e a produción de modelos máis sostibles.
4. Apoio para unha maior penetración de vehículos de cero e baixas emisións, a través de medidas de estímulo á demanda, novos plans de



achatarramento e implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos.

5. Reforzo da Formación Profesional Dual e da vinculación da empresa coa Universidade.

A promoción de tales cuestións require actuacións no ámbito autonómico, tal que, de xeito coordinado, se garanta a plena colaboración cá industria da automoción galega, co obxectivo de promover un sector competitivo, sustentable e que desenvolva tecnoloxías de propulsión baixas en emisións e vehículos propulsados con enerxías alternativas, en liña co seu compromiso coa mobilidade sustentable, así como o avance cara ao vehículo autónomo e conectado que permita unha conducción máis segura e eficiente

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Desenvolver, no prazo máximo de seis meses, un plan estratéxico do automóbil que contemple, entre outras, as seguintes medidas:

- a) Apoio á penetración de vehículos de cero e baixas emisións estimulando a demanda para favorecer o cumprimento dos obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro fixados pola Unión Europea, empezando polo compromiso de renovación da flota do propio sector autonómico cara a este tipo de vehículos.
- b) Planificación para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos cunha cobertura axeitada en todo o noso territorio.
- c) Favorecer o incremento da participación feminina no sector da automoción, en todos os postos de traballo e perfiles profesionais.
- d) Establecer axudas para o financiamento de proxectos empresariais de I+D+i e de modernización tecnolóxica.
- e) Establecer unha liña de investimento público-privada xunto ás universidades galegas para desenvolver novas tecnoloxías de baterías.



- f) Establecer unha liña de axudas destinada a promover a instalación de estacións de repostaxe para vehículos eléctricos e de combustibles alternativos, tal e como veñen realizando outras comunidades autónomas
- g) Impulsar a colaboración público-privada para o desenvolvemento de programas formativos que conxuguen formación e prácticas ou traballos en empresas do sector.

2º) Elaborar de xeito urxente un informe sobre as posibles consecuencias do Brexit sobre o sector galego da automoción, así como das medidas previstas para paliar os seus previsibles efectos negativos, que será remitido á Cámara galega.

3º) Demandar que na Mesa de Mobilidade Sostible auspiciada polo Goberno de España, reúna ao sector da automoción galego - tanto das asociacións empresariais como dos sindicatos máis representativos -, cunha participación que supoña, como mínimo, unha porcentaxe similar á súa contribución á capacidade produtiva de España.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/10/2019 14:03:32**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/10/2019 14:03:55**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2019 14:04:13**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez**, **Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A profesión de educador/a social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da educadora e do educador social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinação social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da educadora e do educador social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo cal se establece o título universitario oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando desta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar. través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.



Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, no ano 2006.

A falta de regularización da profesión fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector.

Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais. De feito, recentemente coñecíamos que a Xunta de Galicia ultima a convocatoria de case noventa prazas de educador social, e segundo o texto da orde que xa está a ser negociado coas centrais sindicais, un dos puntos que preocupa e xera incerteza especialmente ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), é que a Administración autonómica contempla cubrir estas prazas tamén con persoal doutras titulacións. Este é o punto que máis indigna ao CEESG, que reclama mudanzas á Xunta e xa prepara mobilizacións.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión de Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Extremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- a) Promover un cambio normativo no sentido de posibilitar que nas ofertas públicas de emprego se substitúa o posto de “educador/a” polo de “educador/a social” e, con relación ás convocatorias de emprego público, que a oferta de prazas de acceso libre e promoción interna sexa, en exclusiva, para profesionais da Educación Social.
- b) Regularizar a profesión da Educación Social en Galicia a través dunha lei galega de profesionalización da Educación Social.

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España á regularización da Profesión da Educación Social a nivel estatal, a través dunha Lei de profesionalización da Educación Social.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2019 16:02:05**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/10/2019 16:02:16**





**Julio Torrado Quintela na data 15/10/2019 16:02:26**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2019 16:02:38**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 70 por cento das persoas que sufriron un infarto tiñan o colesterol alto e o 25% das mortes por doenzas cardíacas son por esta causa. Segundo o xefe do servizo de CardioloXía do CHUS, o LDL (Low Density Lipoprotein) afecta a un 30 % das persoas infartadas e a máis da metade das diabéticas.

Galiza lidera o ranking da obesidade infantil no Estado. Segundo o Ministerio de Sanidade, Galiza presenta a taxa máis alta de sobrepeso do Estado cun 43,5 % da poboación afectada e ocupa o segundo posto de obesidade co 39,3 %. Ademais, segundo o Programa Xermola da Xunta, unha de cada 3 crianzas entre os 6 e os 15 anos presenta índices de masa corporal compatibles con sobrepeso ou obesidade.

O sobrepeso e a obesidade están relacionadas con múltiples enfermidades: enfermidade cardiovascular, maior incidencia en varios tipos de cancros, artrose, apnea do sono, infertilidade, fígado graxo, depresión e outras enfermidades psiquiátricas.

Tendo en conta que o colesterol elevado é moi frecuente en Galiza e que o sobrepeso e obesidade afectan a case o 45% da poboación, urxe tomar medidas que revertan esta situación.

A educación é clave. Educar en estilos de vida saudables baseados no exercicio físico regular e nunha dieta “libre alimentos procesados e con azucre engadido” e rica en "froitas, verduras, cereais enteiros, aceite de oliva, ...”



Pero malamente poderemos educar en estilos de vida saudables se a actuación da Administración contradí ditas mensaxes. Non será posible mentres os e as menores poidan adquirir nos seus centros de estudo alimentos e bebidas con alto contido en azucre, en ácidos graxos saturados, en graxas trans, sal e calorías, mentres lles resulta imposible adquirir froita, leite ou un bocadillo.

Imposible educar para a saúde cando nas máquinas de *vending* dos hospitais só podemos adquirir zumes procesados, bebidas con alto contido en azucre, patacas fritidas industriais, chocolates, pastelería industrial ou sándwich procesados, pero ningunha mazá ou un iogur (sen azucre).

Como podemos educar para a saúde se cando estamos ingresadas nun Hospital comprobamos que o almorzo inclúe cacao en po, boleiría industrial, galletas industriais, marmelada industrial e, por se foran poucos glúcidos, un sobre de azucre? Outra vez, a froita non aparece. E para a merenda repetimos: zume industrial, máis galletas, iogur azucrado.

No último lustro o número de galegos e galegas que consumen de maneira habitual comida lixo case se ten duplicado. En 2012 o 12 por cento da poboación recorría á pratos precociñados ou comida rápida ao menos unha vez á semana; en 2017 xa supuña o 23 por cento.

O mesmo ocorre coas bebidas azucradas. En 2012 o 25,7 por cento da poboación tomaba unha destas bebidas ao menos unha vez por semana. En 2017 ascendera ata o 28,3 por cento.

O consumo habitual de doces medrou un 40 por cento. En 2012 o 45% da poboación galega comían boleiría ou pasteis máis dunha vez por semana; en 2017 xa representaban o 60% da poboación.

Mentres, o 40% dos galegos non toma froita a diario, cando hai cinco anos situábase no 35%. En 2012, un 33% da poboación comía verduras, ensaladas e hortalizas a diario; en 2017 só as consumen o 6 %.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, no prazo máximo de 6 meses, un inventario de máquinas expendedoras de alimentación en centros públicos da Xunta, hospitais, centros de saúde e centros educativos.
2. Impedir a venta de alimentos e bebidas con alto contido en azucre, ácidos saturados e trans, sal e calorías en hospitais, centros de saúde e centros educativos, apostando por fórmulas de venta de produtos saudables.
3. Dirixirse á CRTVG para que elimine toda publicidade de produtos alimentarios e refrescos hipercalóricos e de escaso valor nutricional.
4. Aumentar os recursos públicos do SERGAS para tratamento de trastornos da alimentación.
5. Reforzar a Atención Primaria para que cumpra co seu papel esencial na prevención da obesidade e dos trastornos da alimentación.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Luís Villares Naveira  
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 15/10/2019 18:12:57**

**Luis Villares Naveira na data 15/10/2019 18:13:08**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de abril de 2019 foron publicados os pregos das condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente por parte da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Con respecto ás “equipas humanas”, os pregos (páxina 11) sinalan que:

- as ambulancias deberán dispor dun condutor en posesión do título de formación profesional de TES e outro/a en funcións de axudante, coa mesma titulación, como mínimo.

Deste requirimento, exceptúanse as ambulancias de Soporte Vital Avanzado de Foz, Monforte e do Salnés, que só deberán contar cun TES.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

O distrito sanitario de Monforte de Lemos conta coas seguintes dotacións do 061: unha ambulancia de soporte vital básico en Monforte, que atende os concellos de Lemos, unha con base en Chantada, para a área de Saviñao, Chantada e Carballedo, e outra con base en Quiroga, que leva Quiroga, Ribas de Sil e O Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo.



Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida, o que é especialmente acusado na zona de Taboada.

Era unha reivindicación esencial da cidadanía e dos e das técnicas do 061 do distrito sanitario de Monforte a necesidade dunha nova ambulancia asistencial para Monforte, de xeito que en cada quenda haxa catro ambulancias operativas, e dunha ambulancia medicalizada.

Finalmente, a Xunta anuncia a nova ambulancia medicalizada, pero só require para ela un/unha TES, a diferenza das ambulancias do resto do País.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

Os novos contratos entran en vigor o 16 de outubro e a CIG denuncia intentos de descolgue do Convenio encubertos por parte de varias empresas de ambulancias de Lugo, afectando ás do sur lucense.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar a obriga para a ambulancia de soporte vital avanzado do sur de Lugo de contar con condutor en posesión do título de formación profesional de TES e outro/a en funcións de axudante, coa mesma titulación, como mínimo, como no resto de ambulancias deste tipo.





2. Velar polo cumprimento da legalidade e das condicións laborais no transporte sanitario urxente do 061.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 15/10/2019 18:29:17**

**Luis Villares Naveira na data 15/10/2019 18:29:28**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A capacidade exportadora dun territorio é un factor fundamental para avaliar a súa competitividade e a súa capacidade para ter un crecemento económico sostido no tempo. O que quere dicir que é un factor básico para xerar emprego de calidade e asegurar a sustentabilidade do sistema de protección social.

Nun contexto de desaceleración do crecemento exportador no conxunto de España, a economía de Galicia mantivo no ano 2018 un ritmo exportador destacado, medrando por riba da media da zona euro ou da UE, debéndose fundamentalmente ao dinamismo exportador do sector da automoción.

Porén, o balance acadado en 2018 non se está a manter en 2019, cunha forte e xeneralizada caída das exportación, fundamentalmente na confección e na automoción con taxas negativas (caída dun 10 %) que teñen que ver cos mercados da UE, pero tamén cunha atonía na incorporación de empresas exportadoras sobre todo cara aos mercados extra comunitarios, colocando á nosa comunidade (aparte de Ceuta e Melilla) como a que anota a maior caída porcentual das súas exportación na primeira metade do ano

A propia Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, da Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0 establece entre os seus obxectivos:

- 1º. Incrementar a participación das exportacións no PIB nun 40% en 2020
- 2º. Incrementar o número de empresas exportadoras máis dun 25%, acadando unhas 8.000 empresas en 2020.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Realizar, nun prazo máximo de seis meses, unha avaliación detallada das razóns polas que as empresas galegas, especialmente as Pemes, teñen tantas dificultades para incorporarse aos mercados internacionais.



2º. Que sobre a base desa avaliación, deseñe no prazo máximo dun ano, un programa específico de apoio ás empresas galegas non exportadoras para se internacionalizaren.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/10/2019 10:37:23**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/10/2019 10:37:42**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2019 10:38:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de outubro coñecemos un novo paso atrás na loita contra a violencia machista protagonizado polo Concello de Ourense. Despois do desatendemento e abandono de programas de sensibilización e da propia casa de acollida, coñecemos como o goberno local tomara a decisión de abandonar o programa Viogen coa consecuente retirada da Policía local de todo tipo de funcións de prevención, protección, atención ou intervención.

A loita contra as violencias machistas debe ser unha prioridade institucional e política para as administracións públicas, tamén para a local, e por iso deben poñer a disposición as medidas, campañas e políticas públicas necesarias para traballar pola súa erradicación.

Unha cidade como Ourense precisa unha maior coordinación entre administracións públicas, para impulsar políticas e accións que vaian máis alá dos insuficientes minutos de silencio de cada primeiro luns de mes, non dar pasos atrás como o que supón que a terceira cidade de Galiza se afaste deste programa e o faga ademais sen unha estratexia dialogada e consensuada con outras administracións





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

implicadas, nin coa consulta previa a unha mesa de coordinación local. Máis aínda, mentres vemos como concellos máis pequenos como Verín ou Xinzo teñen dado pasos adiante neste materia malia ter moitos menos recursos materiais e humanos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a dirixirse ao Concello de Ourense para demandar a súa rectificación respecto da decisión de abandonar o programa Viogen e demandar a súa colaboración co Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na comunidade poñendo en marcha unha mesa local de coordinación de violencia machista.”

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2019 10:53:43**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2019 10:53:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2019 10:54:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2019 10:54:11**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2019 10:54:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2019 10:54:28**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A venda de Povisa á multinacional Centene é un elemento de incerteza e preocupación entre usuarios/as e profesionais do sistema público de saúde da área de Vigo. A situación na que queda a sanidade pública da área máis grande de Galicia, así como as circunstancias que rodean a venda deste centro, continúan a ser obxecto de debate e de demanda de información, que a Xunta de Galicia non ofrece a pesares de que o centro da servizo a un volume aproximado de 135.000 persoas.

Ademais de concretarse a venda de Povisa a partir da renegociación do convenio co Sergas, como foi recoñecido por vendedor e comprador da operación, nestes días foi coñecido que o Sergas resolveu, nos días previos a esta venda, reorientar a Povisa unhas importantes contías destinadas a financiar intervencións programadas orixinalmente noutros centros concertados da área de Vigo. Esta operación, de 1.000.000 €, non é novidosa pois en ocasións anteriores tense pechado algún acordo semellante, pero si resulta chamativa no feito de terse acordado en datas coincidentes coa venda sinalada.

A participación do Sergas no proceso de venda de Povisa non queda clara, e dada a relevancia que este centro ten para a atención sanitaria da área de Vigo sería necesario aclarar a situación e definir unha posición firme do sistema público sanitario de Galicia.



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar o procedemento para realizar, nos próximos tres meses, unha auditoría do estado do acordo Povisa – Sergas de 2014, que contemple as variacións posteriores do acordo, tanto en termos asistenciais como económicos, e facer público o seu contido.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 12:03:33**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/10/2019 12:03:44**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 12:03:52**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)







PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2019 12:20:38  
**Nº Rexistro: 57665**  
Data envío: 16/10/2019 12:20:38.223

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2019 12:04:00**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG4EIJ2FAoC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O desenvolvemento de funcións e aplicacións do traballo dos/as logopedas vén incrementándose nos últimos anos, aínda que a súa implantación a través dos servizos públicos reflicte esta realidade de maneira máis lenta. En torno ao 2,5 % da poboación galega sofre ou pode sufrir de trastornos da comunicación, o que aumenta se engadimos aqueles problemas relacionados con outras funcións relacionadas coa inxesta ou derivados.

O Sergas ten contratados a 17 profesionais de logopedia, concentrados nalgúñas das grandes cidades (1 cada 150.000 usuarios/as aproximadamente). A ausencia de políticas de Recursos Humanos decididas pola multidisciplinidade afonda no problema do modelo de atención primaria que, de contar con especialistas diversos podería afrontar de maneira máis decidida un cambio real de modelo que potencie a propia atención primaria e a faga máis eficiente e resolutive.

A participación dos/as profesionais de logopedia neste modelo sería de utilidade. A súa situación, non en tanto, dista moito de ser a axeitada. A distribución sinalada conleva problemas de accesibilidade ao sistema en certa igualdade por parte de toda a poboación, e o moi baixo número de profesionais presentes conleva unha saturación dos propios profesionais e unha elevada demora na atención. Esta cuestión ten a derivada na externalización deste servizo, o que provoca perda de continuidade da atención dentro do Sergas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estudar a posibilidade de duplicar o volume de profesionais de logopedia no Sergas nos vindeiros tres anos, e estudar a súa incorporación progresiva



- de maior número de profesionais para achegarse ás ratios profesional/paciente establecidas polas organizacións profesionais.
2. Incorporar á representación das/os profesionais de logopedia, coa participación do Colexio Profesional de Logopedia de Galicia, ás xuntanzas e grupos de traballo organizados dende a Consellería para a mellora do sistema sanitario público.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 12:07:37**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 12:07:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2019 12:07:55**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A necesidade dunha nova ambulancia con base en Lalín, para complementar a dotación de recursos de vehículos que ten a comarca, é una demanda que vén de anos e que apunta a diversas cuestións para a súa fundamentación.

De maneira global, a gran dispersión e extensión do territorio referenciado xunto á insuficiencia dos recursos existentes constatados polos profesionais e as necesidades xurdidas durante anos, apuntan a unha demanda que foi compartida por profesionais, usuarios e grupos políticos da localidade. Isto deu lugar a unha demanda conxunta aprobando por unanimidade unha Moción municipal presentada polo Grupo Socialista en xullo deste ano. Todos os grupos votaron a favor, e todos manifestaron en diversos momentos históricos, a necesidade de dotar a Lalín dun novo vehículo, quedando unicamente para o debate se debера ser unha ambulancia medicalizada (SVA) ou unha ambulancia básica (SVB).

Esta pasada noite, na madrugada do día 14 deste mes de outubro, ocorreu un fatal incidente na localidade de Dozón, que terminou co falecemento dun paciente na espera da chegada dunha ambulancia. A ocupación que nese momento tiñan os dous vehículos habituais da comarca fixo demorar a atención por un tempo de 45 minutos, segundo apuntan as informacións primeiras sobre o ocorrido.

As distancias e os limitados recursos existentes poden ter provocado, nesta situación, un terrible desenlace sobre o que será preciso analizar e coñecer con profundidade e claridade o sucedido.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha investigación sobre o sucedido na pasada madrugada do 14 de outubro en Dozón, para coñecer as causas que levaron o falecemento dunha persoa esperando pola chegada da atención urxente en ambulancia.
2. Atender á demanda do Concello de Lalín e á petición unánime dos grupos políticos que demandaban a dotación dunha nova ambulancia con base en Lalín para complementar ás existentes na comarca do Deza.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 12:11:52**

**María Luisa Pierres López na data 16/10/2019 12:12:01**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 12:12:11**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2019 12:12:19**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema VioGén), púxose en funcionamento en xullo do 2007, en cumprimento do establecido na *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, sendo os seus obxectivos:

- Aglutinar ás diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero.
- Integrar toda a información de interese que se estime necesaria.
- Facer predición do risco.
- Atendendo ao nivel de risco, realizar seguimento e protección ás vítimas en todo o territorio nacional.
- Efectuar un labor preventivo, emitindo avisos, alertas e alarmas, a través do "Subsistema de Notificacións Automatizadas", cando se detecte algunha incidencia ou acontecemento que poida poñer en perigo a integridade da vítima.

Buscando, finalmente, establecer unha rede que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e dos seus fillos e fillas, en calquera parte do territorio nacional.

Recentemente coñecíamos que o Concello de Ourense acaba de anunciar que se desvincula deste protocolo. O cesamento, que se fará efectivo a partir do próximo día 22 marzo, deuno a coñecer o alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, no transcurso dunha reunión extraordinaria da Xunta Local de Seguridade que tivo lugar na Subdelegación do Goberno.

No que se refire á cidade, na actualidade as policía Local, Nacional e Autonómica encargábanse de protexer a 170 mulleres, mentres a Garda Civil e as distintas policía locais das vilas a 198.



Dende o Grupo Socialista amosamos a nosa preocupación pola decisión irresponsable da equipa de goberno de Ourense de desvincularse dun servizo imprescindible para a protección das mulleres vítimas de violencia machista, rachando unha colaboración institucional que pode ter consecuencias letais para a seguridade das ourensás.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a traballar por manter en Ourense a colaboración interinstitucional co Concello e o Goberno de España, para garantir o correcto funcionamento do Sistema VioGén, que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e dos seus fillos e fillas.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 12:26:36**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/10/2019 12:26:49**

**María Luisa Pierres López na data 16/10/2019 12:26:57**

**Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 12:27:06**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2019 12:34:12  
**Nº Rexistro: 57683**  
Data envío: 16/10/2019 12:34:12.759

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2019 12:27:16**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG4EIJ2FAoC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á dotación de ambulancia medicalizada na comarca do Deza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.As ambulancias medicalizadas, ou Ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA), son vehículos cuxo equipamento e dotación permite prestar asistencia médica *in situ* a pacientes críticos, no menos tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para manobras de soporte vital avanzado. Estas ambulancias prestan servizo as 24 horas ao día, os 365 días ó ano, e están en contacto permanente coa Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

O comarca do Deza sofre discriminación a este respecto con respecto a outras comarcas con menos envellecemento da poboación, menos dispersión xeográfica e menor distancia aos hospitais de referencia.

Na provincia de Pontevedra, os vehículos de horario especial teñen base en Arbo, Baiona, Pontearreas, Vigo e Vilagarcía, quedando o interior da provincia, e concretamente a Comarca do Deza, totalmente desatendidas por este tipo de ambulancias.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No caso da comarca do Deza é habitual, debido a saturación do servizo, que se teñan que acercar ambulancias de Melide ou da Estrada, con correspondente retraso do servizo, o que implica a posta en perigo dos pacientes.

Estamos diante dun tema de especial gravidade, e por iso consideramos que se debe dotar a Lalín e a Comarca do Deza dunha ambulancia medicalizada para atender casos de especial gravidade. Esta é unha demanda do conxunto da sociedade lalinense, que se sente desprotexida e discriminada polo trato do SERGAS, no que a servizos sanitarios públicos se refire.

2. Actualmente, a comarca do Deza conta con dúas ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA), unha localizada en Silleda que dá servizo a Silleda e Vila de Cruces e outra localizada en Lalín que dá servizo a Lalín, Rodeiro, Agolada e Dozón.

A ambulancia de Lalín atende emerxencias nunha área de 580km<sup>2</sup>, con moita dispersión xeográfica e tempos de resposta que en condicións normais poden xa ser superiores ao recomendábel. Esta situación agrávase polo feito de ter que facer traslados ao hospital de referencia en Santiago de Compostela ou pola necesidade de recoller sanitarios no PAC de Lalín.

3. Lalín é a cabeceira dunha ampla comarca que supera os 45.000 habitantes, unha cifra máis que considerable para uns servizos sanitarios totalmente deficientes en todos os aspectos, tanto no servizo de gardas médicas como en urxencias, así como en especialidades e traslados de emerxencia. Concretamente, no referente aos traslados en ambulancia de enfermos graves e accidentados, especialmente politraumatizados ou persoas que sufriron un infarto, non se entende porque Lalín dispón unicamente dunha ambulancia.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante da preocupación polas carencias que presenta a comarca do Deza, o pleno do concello aprobou por unanimidade, o pasado mes de xullo, unha moción na que se insta á Xunta de Galiza a dotar unha ambulancia medicalizada con sede en Lalín.

4. O pasado 13 de outubro produciuse o falecemento dunha persoa en Dozón por una insuficiencia cardíaca. A ambulancia tardou máis de 50 minutos en chegar, o que pon en evidencia a insuficiencia de medios con que conta esta área xeográfica.

Nesa noite as dúas ambulancias con base no Deza estaban de servizo. A de Lalín trasladárase ate Agolada para atender unha emerxencia, e a de Silleda estaba facendo un servizo nesa localidade. Finalmente foi mobilizada unha ambulancia mais cando chegou a persoa xa falecera.

Esta situación pon en evidencia a insuficiencia de recursos sanitarios na comarca do Deza, e a necesidade de contar con máis medios de resposta diante de emerxencias sanitarias.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte porposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a mellorar a atención ás emerxencias sanitarias na comarca do Deza e con este fin dotar a Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada.”

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2019 12:09:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2019 12:09:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2019 12:09:51**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2019 12:09:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2019 12:10:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2019 12:10:15**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela**, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## Exposición de motivos

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

O Concello de A Laracha é un exemplo da situación difícil que está vivindo a atención primaria, fundamentalmente por unha política de recortes e de decisións cortoplacistas fomentada polos gobernos de Núñez Feijoo durante os últimos 10 anos. Unha deficiente política de Recursos Humanos levou ao sistema público, e en particular á Atención Primaria, a atoparse ante un escenario de difícil cobertura, ante o que a reacción do Goberno da Xunta de Galicia é moi limitada, non cubrindo prazas de profesionais e saltándose o cumprimento de baremos e estándares sobre cadros de persoal e cupos.

Neste concello tanto o centro de saúde como o consultorio en Caión veñen pasando durante os últimos meses por moitos problemas de cobertura dos profesionais, que cando se atopan nalgún caso de vacacións ou baixas non son cubertos e, por tanto, perde calidade a capacidade asistencial sobre a poboación. O Centro de Saúde de A Laracha, que conta con 6 consultas de facultativo de Atención Primaria, pasa en numerosas ocasións por días en que non todas as consultas están dispoñibles porque non se cobren estas baixas, o que supón que o volume de pacientes distribúese entre os facultativos que si están no centro, engadíndose aos cupos xa propios de cada un dos/as profesionais. Este incremento provoca a saturación e as demoras na atención, e xera tamén retrasos na concesións das citas, dándose a circunstancia de que comeza a ser normal a acumulación de esperas necesarias para Atención Primaria, cuestión que non era habitual.



De maneira engadida, o propio PAC está sufrindo a mesma situación ao quedar moitas ocasións con menor número de equipos dos que marcan como necesarios os baremos que a propia Xunta de Galicia utiliza para os seus criterios. Esta dificultade engade complicacións para unha atención de calidade, repercutindo tanto sobre o servizo que reciben os cidadáns como sobre a capacidade de traballo dos profesionais, que se atopan saturados e superados pola situación ao non poder dar resposta a todas as demandas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a mellor calidade asistencial aos veciños e veciñas do Concello de A Laracha, comprometéndose a cubrir as necesidades de persoal do centro de saúde e do PAC para evitar as saturacións de profesionais e as demoras na atención.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 17:17:41**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/10/2019 17:17:51**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 17:18:02**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2019 17:19:39  
Nº Rexistro: 57714  
Data envío: 16/10/2019 17:19:39.487

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2019 17:18:10**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG4EIJ2FAoC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### **Exposición de motivos:**

A relevancia pública das grandes citas deportivas internacionais entendidas como grandes eventos que reclaman sobre si e sobre os países nos que se celebran a atención de todo o mundo, adquire un carácter que vai alá do estritamente deportivo. Nestas datas chamou a atención o éxito de dúas deportistas galegas que participando en eventos deportivos de carácter internacional reclamaron a atención sobre os países nos que se celebraban estas competicións deportivas mundiais e sobre o trato que as mulleres reciben nas sociedades deses países.

Tanto a atleta Ana Peleteiro como a futbolista Verónica Boquete manifestáronse recentemente sobre os motivos para conceder a celebración de probas de carácter internacional a países nos que non se respectan en absoluto os dereitos da mulleres. Tanto a plusmarquista de triplo salto, como a futbolista que foi capitana da selección española de fútbol, referíanse a Arabia Saudí e a Qatar, onde se celebraron eventos deportivos mundiais como o campionato de fútbol e o mundial de atletismo.

As dúas deportistas galegas de elite coincidiron en sinalar a incoherencia de que un mundial con probas de atletas femininas tivera a súa celebración en Qatar, un país que non reconece os dereitos das mulleres. Tamén se dirixen estas críticas á posibilidade de que a Federación española de fútbol leve a Arabia Saudí a celebración da Supercopa con catro equipos españois xogando nun país que nega





os dereitos a unha parte da súa poboación. As dúas deportistas entenden que levar as competicións a eses países é unha sorte de recoñecemento para os mesmos e supón a normalización dunha situación que só pode ser denunciada.

Tanto para Ana Peleteiro como para Verónica Boquete, os grandes eventos deportivos non se poden usar en reforzar situacións de falta de respecto aos dereitos das mulleres, nin para que os réximes poidan adquirir a través deles unha pátina de normalidade que a sociedade non ten en absoluto.

O feminismo propugna a igualdade das mulleres e o desfrute dos mesmos dereitos que os homes. Esta igualdade debe manifestarse en todos os ámbitos das sociedades e tamén nas actividades deportivas, onde as mulleres están acadando cotas de maior visibilidade e protagonismo, tanto no seu exercicio como na súa emisión a través da televisión. Por isto é importante que non se celebren eventos deportivos en países antidemocráticos e naqueles onde as mulleres son tratadas de xeito desigual, e non gozan dos mesmos dereitos que os homes, en países nos que unha parte da actividade social está prohibida para as mulleres e nos que, por exemplo, as mulleres nin sequera poden asistir como público a eventos deportivos, ou teñen limitadísima esta participación.

Esta declaración que promove En Marea pretende denunciar a situación que padecen as mulleres nos países que usan as competicións de primeiro nivel como medio de promoción sen atender ás reclamacións internacionais sobre os dereitos das mulleres. Queremos que tanto o goberno galego como o español colaboren tamén en denunciar e non participar nestes eventos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que se negue a enviar representación deportiva masculina e feminina a eventos que se celebren en países que denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos Dereitos Humanos, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en París o 10 de decembro de 1948.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 16/10/2019 19:16:46**

**Paula Vázquez Verao na data 16/10/2019 19:16:57**





**David Rodríguez Estévez na data 16/10/2019 19:17:08**

**Francisco Casal Vidal na data 16/10/2019 19:17:18**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate no **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai un ano En Marea falaba do embarazo e de como as mulleres son penalizadas polo feito de ser nais nos ámbitos máis diversos.

Así, no ámbito da investigación penalízase o feito de ser nai, xa que ese período non computa a efectos de investigación, inda que si a efectos de traballo.

Durante ese tempo as nais científicas non publican artigos de investigación, nin dan conferencias, nin poden realizar publicacións, e realizando patentes, polo que o período traballado é amplo pero non teñen os mesmos méritos profesionais. A maternidade e a ciencia non son compatibles, xa que os contratos de carácter científico son nas condicións actuais bastante precarios, e estamos a falar de investigadoras brillantes ás que se esixe ser as mellores no seu campo e ademais, que obteñan uns rendementos brillantes no seu campo.

Neste caso, as deportistas de elite sofren as mesma discriminación: non poden ser nais sen risco a perder os promotores. Estas penalizacións implican que as deportistas teñan que escoller entre ser nais e ser deportistas ao máis alto nivel. Como sinalaron as lesións implican unha maior limitación no tempo, e inda que non é comparable non implican a finalización do patrocinio e/ou promoción.



Non parece normal que a xente que pode seguir co seu plan de adestramentos non poda ter fillas/os, sen perder as promotoras que teñan contrato con estas deportistas. Parece axeitado no marco da lei 3/2007 de igualdade que as mulleres teñan as mesmas condicións e dereitos para a realización do seu deporte, sen que unha etapa da súa vida, como é o embarazo, supoña unha discriminación e un parón na súa carreira deportista.

As medidas que se aplican nos contratos privados e supoñen a baixa da deportista no caso de embarazo, ou cando se teña constancia del. A maior parte das xogadoras se están afiliadas ao réxime da Seguridade Social non lles afecta, pero a cuestión é diferente cando se dan uns contratos privados para unhas determinadas competicións.

Este tipo de cláusulas xa as denunciara a asociación de Mulleres Deportistas Galegas (Mudega) xa que consideraba que era discriminatorias laboralmente, reclamando a sindicatos e á inspección laboral a revisar as mesmas, e a colaboración das propias deportistas coa denuncia destas situacións. Algúns clubs de fútbol así o fixeron, como o Burela, cunha renovación automático do contrato no caso de darse a xestación e o pago da gardería xunto con outras iniciativas co que deu un paso de xigante neste ámbito de igualar o dereito das e dos deportistas e a conciliación entre o deporte e o dereito a formar unha familia. Con todo, estamos moi lonxe de que prácticas destas características integren os códigos de boas prácticas das diferentes federacións deportivas de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Realizar unha campaña de concienciación entre as federacións deportivas de Galicia, co obxectivo de que inclúan estes comportamentos discriminatorios contra as mulleres deportistas como censurables nos seus códigos de boas prácticas, dentro do seu réxime de financiamento e relacións de partenariado, patrocinio e esponsor.
2. Dirixirse ao goberno do Estado para promover as modificacións oportunas nas lexislacións laboral e mercantil para recoller como motivo de discriminación directa o feito de resolución dun contrato de patrocinio/promoción/ esponsor polo feito de ser nai e deportista.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 17/10/2019 10:19:48**

**David Rodríguez Estévez na data 17/10/2019 10:20:08**

**Luis Villares Naveira na data 17/10/2019 10:20:17**





**Paula Vázquez Veroa na data 17/10/2019 10:20:31**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa do seu deputado **Xan Xosé Jove González**, ao abeiro do disposto polo Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, sobre a creación da Área Metropolitana da Coruña.**

### Exposición de motivos

Vivimos, segundo a OCDE, no século metropolitano. Máis do 40% da poboación mundial vive hoxe en áreas urbanas dispersas e policéntricas que operan en redes rexionais e globais cun grao de complexidade e interdependencia descoñecido até o momento. Cidades que concentran os principais desafíos do presente, dende o cambio climático á desigualdade, e que reúnen, ao tempo, as maiores capacidades para liderar a procura de solucións. Como gobernar estas novas cidades, que xa non se acomodan aos seus límites administrativos, é un dos desafíos do presente.

A Coruña, como cabeceira dunha das áreas urbanas máis dinámica de Galicia, con preto de 400.000 habitantes, non é allea a este fenómeno. Para avanzar cara a unha mobilidade sostible, reducir as emisións contaminantes, lograr contornas sociais cohesionadas, acadar un entorno saudable onde vivir, resolver a integración no territorio que a rodea e no país ao que pertence, garantir servizos públicos eficientes e sostibles ou crear as condicións para a xeración de riqueza e emprego, desafíos que encara hoxe en día, A Coruña precisa tamén dunha perspectiva metropolitana.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O 20 de outubro de 2016, os alcaldes de Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada e A Coruña e a alcaldesa de Bergondo asinaron a “Declaración de María Pita”, unha iniciativa do rexedor herculino na que se comprometían “a dar comezo de contado e a impulsar o proceso de conformación da Área Metropolitana da Coruña” mediante a aprobación dunha lei que “defina a estrutura da área, a súa arquitectura institucional, de composición e funcionamento, así como do seu réxime competencial”.

Alcaldes e alcaldesa coincidían en cualificar este documento como un “xiro copernicano” nas tradicionais relacións entre A Coruña e os concellos veciños. Poñíase en evidencia que todas elas tiñan, ao cabo, “unha estratexia compartida e un obxectivo común: poñer o foco na xestión democrática das interdependencias na construción da área metropolitana, xestión cimentada no liderado representativo e participativo, na diplomacia urbana, no acompañamento dunha cidadanía activa e comprometida, na cooperación e na colaboración entre actores e axentes sociais e na cohesión arredor dun proxecto de futuro”.

Dende entón, e ao longo de tres anos, as corporacións de Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada, e mesmo as de Abegondo e Carral, que non asinaron inicialmente o documento, aprobaron senllos acordos para ratificar aquela “Declaración de María Pita” e acordar, por maioría absoluta legal dos seus membros, o inicio do procedemento previsto no artigo 122 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia para a constitución da Área Metropolitana da Coruña por iniciativa municipal. Só o Concello da Coruña, impulsor da iniciativa, faltou á súa cita.

Como resultado dos acordos de execución inmediata subscritos no mes de xullo



pola Marea Atlántica e o PSdeG-PSOE para botar a andar o presente mandato no Concello da Coruña, o pasado 3 de outubro, por fin, o Pleno da Corporación herculina aprobou por maioría absoluta, tamén cos votos favorables do BNG e os de Ciudadanos, e malia á abstención do PP, o seguinte acordo:

- 1.- Ratificar a “Declaración de María Pita”, asinada o 20 de outubro de 2016.
- 2.- Acordar a iniciación formal do procedemento de iniciativa de creación da área metropolitana da Coruña, de conformidade co sinalado no artigo 122 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.
- 3.- Encomendar á Comisión Especial da Área Metropolitana do concello da Coruña a elaboración da correspondente proposta de anteproxecto de lei para o seu traslado á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia no primeiro semestre de 2020.
- 4.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ás alcaldías da área urbana da Coruña.

A Área Metropolitana da Coruña é o instrumento que precisa esta área urbana para seguir a ser a máis dinámica económica e socialmente de Galicia. Un proxecto que transcende o local, un proxecto de país, unha aposta polo recoñecemento da importancia e o papel da Galicia urbana e pola súa articulación que precisará do concurso, e do maior consenso posible, dos grupos desta Cámara.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

1.- O Parlamento de Galicia celebra o acordo adoptado por maioría absoluta no concello da Coruña e manifesta a súa adhesión ao espírito da “ Declaración de María Pita”.

2.- O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande dos concellos da Coruña e a súa contorna, e demais administracións implicadas, a elaboración, á maior brevidade posible, dun Proxecto de lei de Area Metropolitana que sexa elevado a esta Cámara.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.. Xan Xosé Jove González

Manuel Lago Peñas

Deputado e voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 17/10/2019 11:39:29**

**José Manuel Lago Peñas na data 17/10/2019 11:39:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sería simplificar moito o tema se o debate sobre os parques eólicos se vise anulado pola argumentación simplista de "...enerxías limpas logo todo vale...", porque nos casos concretos que nos ocupan estes parques eólicos e liñas de alta tensión terán graves efectos para os concellos afectados, a súa economía e as súas xentes e moi poucos efectos positivos.

Neste, coma en moitos outros casos van estar moi próximos ás casas, o que poderá causar danos na saúde e perigos de accidente:

- A exposición constante ao ruído dos aeroxeradores pode provocar problemas no sistema nervioso (insomnio, migrañas...) e problemas cardíacos.

- A proximidade destes muíños xigantes (de até 204 metros de altura) provocará que a sombra dos muíños caian sobre as aldeas máis próximas provocando o coñecido “efecto discoteca” nas vivendas.

- Pode afectar á comunicación por ondas en determinadas situacións meteorolóxicas, xerando problemas de comunicación coas televisión, móbiles...





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- En inverno o xeo acumúlase nas aspas dos muíños, e ao moverse este xeo sae lanzado a moita velocidade o que pode causar graves accidentes.

- O risco de incendios e desprendemento de aspas agrávase moitísimo habendo vivendas a menos dun quilómetro de distancia, e poñendo en perigo a seguridade das persoas que viven nestas aldeas.

Estes xeradores de enerxía a partir do vento nestes emprazamentos privilexiados que traducen estas premisas en millóns de euros de beneficio, deberan traducirse nunha mellora substancial nas condicións económicas e sociais dos habitantes dos concellos afectados nun reparto da enorme riqueza a que dan orixe pero da que non participan.

Pola contra estes parques nas condicións que se denuncian:

- Provocarán unha perda económica inmediata moi importante para toda a veciñanza: os terreos perderán valor pola súa proximidade e afección dos parques eólicos.

- O futuro dos núcleos rurais próximos con afección da paisaxe polos parques eólicos e liñas eléctricas está en perigo. Quen vai querer facer a súa casa próxima a un aeroxerador, a unha liña ou con vistas a unha subestación eléctrica?

- A destrución da paisaxe tamén afecta negativamente a calquera negocio baseado no valor engadido desas comarcas: casas rurais, hoteis, empresas turísticas, empresas culturais, e mesmo, os propios concellos! Quen vai querer visitalos se o seu horizonte está cheo de liñas eléctricas e aeroxeradores?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Estes espazos alugados, a *priori* por trinta anos, son prorrogables! Polo que non está claro cando poderá a veciñanza recuperar as súas terras.

- Non xeran emprego localmente, e non imos, a pesar de todo, ter as nosas facturas eléctricas gratuítas nin tan sequera con sensibles rebaixas. Certamente, van destruír emprego.

Afectan moi negativamente á gandaría e agricultura, principais actividades económicas da comarca:

- As explotacións forestais, agrícolas e gandeiras veranse afectadas pola redución de espazo provocada, especialmente, polas liñas eléctricas pero tamén polos aeroxeradores.

- As explotación gandeiras verán como as axudas da PAC corren risco de desaparecer: o solo ocupado por aeroxeradores pasa a ser solo industrial deixando des ser agrícola.

- Posibles efectos negativos para a saúde do gando, tal e como contan xentes que viven próximas a parques eólicos doutras zonas de Galicia, e como demostran diversos estudos científicos.

Hai tamén unha probada afección á fauna e ós ecosistemas producida polos ruídos e vibracións ademais do movemento xiratorio que impide ou distorsiona o paso de aves e mamíferos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a excluír a Comarca de Ordes das “Áreas de Desenvolvemento Eólico” establecidas no actual Plan Sectorial Eólico de Galicia aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 1.10.1997.”

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/10/2019 12:03:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/10/2019 12:04:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2019 12:04:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 17/10/2019 12:04:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/10/2019 12:04:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/10/2019 12:04:42**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, a iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao investimento en I+D+i.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia que en campaña electoral tódolos partidos políticos se comprometen a incrementar as partidas dedicadas a mellorar as condicións da carreira científica, á hora da verdade os investigadores e investigadoras continúan padecendo unha financiación insuficiente e unhas convocatorias públicas irregulares, tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

A precariedade investigadora comeza xa na etapa predoutoral. Os investigadores e as investigadoras que teñen a fortuna de conseguir unha bolsa-contrato para facer a súa tese ingresan pouco máis de 1.000 euros mensuais. Unha vez doutorados, teñen que competir con milleiros de compañeiros e compañeiras para acceder a un dos escasos contratos que ofertan o Ministerio de Ciencia e os gobernos autonómicos.

Como consecuencia do escaso apoio que reciben, milleiros de científicos e científicas vense abocados ao paro, á precariedade ou a emigración. Son moi poucos os que logran, finalmente, incorporarse en prazas estables das universidades públicas españolas, e nin sequera eles gozan da tranquilidade que precisan para desempeñar a súa labor, xa que teñen que continuar pelexando para



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

conseguir financiación.

O implacable sistema de financiamento da carreira política en España fai que tódolos anos investigadores e investigadoras de prestixio abandonen a súa vocación ou decidan levar os seus proxectos ao estranxeiro. Isto é unha traxedia non só para os profesionais altamente cualificados do noso país, senón tamén para o conxunto da cidadanía, que se ve privada dos resultados dos seus logros científicos.

Por todo isto, o 19 de outubro vaise celebrar en Madrid unha Marcha pola Ciencia na que se vai esixir que antes de fin de ano se asine un Pacto de Estado que teña por obxecto destinar o 2% do PIB do Estado á Ciencia no capítulo de subvencións e contratos para a súa total execución.

A responsabilidade esixe que o Goberno galego se manifeste a favor de satisfacer as demandas dos investigadores e investigadoras, que tanto tempo levan sendo maltratados polas diferentes Administracións –tamén pola autonómica–.

Polo exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Aumentar o esforzo orzamentario en I+D+i co obxectivo de acadar o compromiso do 2% do PIB fixado no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011–2015, antes de rematar a lexislatura en curso.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Apoiar as demandas dos investigadores e investigadoras que se van manifestar o 19 de outubro, na Marcha pola Ciencia.
- Solicitar ao Goberno central que tome a iniciativa de favorecer un Pacto de Estado que teña por obxecto destinar o 2% do PIB do Estado á Ciencia no capítulo de subvencións e contratos para a súa total execución.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 17/10/2019 12:57:13**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 12:57:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, a iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, relativa ao persoal necesario no CPI dos Dices.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes en educación da Xunta de Galicia prexudican principalmente aos rapaces e rapazas que máis axuda precisan, tal e como demostra o acontecido no CPI dos Dices.

No centro educativo do concello de Rois están matriculados varios nenos e nenas que requiren de persoal coidador especializado, de mestres de Audición e Linguaxe, de profesores de Pedagogía Terapéutica e de persoal mediador comunicativo. Así foi advertido polos pais e nais do alumnado, e así foi corroborado polos informes emitidos por expertos da universidade e polo propio Equipo de Orientación Específico provincial da Consellaría. Non obstante, o Goberno galego négase a que os anteditos profesionais se incorporen ao centro, impedindo, desta maneira, que os nenos e nenas con discapacidade e necesidades especiais poidan formarse como lles corresponde.

Os pais e nais do alumnado denunciaron esta situación en varios escritos que foron remitidos á Inspección Educativa, á Consellería de Educación e á Xefatura Territorial, pero non obtiveron ningún tipo de resposta. A Xunta de Galicia optou por parapetarse no silencio administrativo e botar balóns fóra.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Nada disto nos sorprende porque non se trata dun caso illado. O que sucede no colexio de Rois repítese ano tras ano en moitos outros centros galegos como parte da estratexia do Goberno de Núñez Feijóo para desmantelar a educación pública e favorecer ás escolas privadas e concertadas.

A situación ten que mudar canto antes. O Goberno galego ten a obriga de garantir a tódolos nenos e nenas unha educación de calidade, con medios suficientes para atender as necesidades de tódolos rapaces, sobre todo de aqueles que, polas súas particulares circunstancias, afronten maiores desafíos.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Incorporar ao CPI dos Dices, en Rois, o persoal coidador especializado, os mestres de Audición e Linguaxe, os profesores de Pedagogía Terapéutica e o persoal mediador comunicativo que sexa preciso para satisfacer as necesidades do alumando.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 17/10/2019 13:18:05**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 13:18:19**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Exposición de motivos

No artigo 6 do decreto 120/1998, do 23 de abril están moi claras as funcións dos departamentos de orientación e as súas competencias. Entre outras, teñen que valorar as necesidades; elaborar o POAP; atender ao alumnado con NEE; proporcionar atención temperá; diagnosticar as altas capacidades; facer avaliacións psicopedagóxicas e deseñar o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade. Asemade favorecer a cooperación entre centros e familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo I do título preliminar fala de adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

No propio título II da referida lei, dedicado á equidade na educación, establécese



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos. Igualmente, dispónse que as administracións educativas establecerán os procedementos tendo como principios a normalización e a inclusión, e que, para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación, desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais...

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regúlase a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Estamos moi lonxe da **atención á diversidade** que por **dereito** lle corresponde aos nosos alumnos e alumnas. A Consellería de educación non está poñendo nin os medios, nin os recursos, nin os procedementos necesarios para facer efectivo o principio de igualdade e normalizar o principio de inclusión.

Os continuados recortes a sangue e lume e a discriminación exercida pola Administración contra o alumnado de NEAE, está chegando a niveis tan intolerábeis que lonxe de se encamiñar a acadar avances, lévanos a un estadio anterior de segregación, por moito que disfracen o seu escandaloso modelo de





negocio, dirixido a crear illas de elites financiadas para minorías selectas.

Por moito que repitan a súa mensaxe falaz de equidade e inclusividade, o certo é que están precarizando a diversidade cun claro obxectivo privatizador. A penetración da empresa privada no público, lévanos a un contexto de saqueo da educación pública en beneficio dos seus indecentes negocios. Os seus actos van en sentido contrario do que din as súas mensaxes, por máis que os medios propagandísticos e institucionalizados tenten convencer á cidadanía do éxito do noso sistema educativo.

Non se está a respectar o Dereito á Educación Inclusiva, xa que cada vez limítanse máis os recursos e dotacións necesarias de profesionais de apoio que faciliten a aprendizaxe e a superación das dificultades que a diversidade trae consigo. A redución de especialistas en Pedagogía Terapéutica, en Audición e Linguaxe, ou mesmo de Coidadores e Coidadoras e persoal Orientador, todas elas especialidades básicas para a correcta atención da diferenza, mesmo tamén de profesorado xeral e recursos, ten consecuencias.

Podemos falar de nenos e nenas con Trastorno do Espectro Autista (TEA). Coñecemos ben o caso de Arturo. A súa familia fixo unha reclamación por vulneración do decreto 299/2011 de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Hai xusto dous anos (18 de outubro de 2017) nunha sentenza sen precedentes, xa que é un primeiro paso na creación de xurisprudencia no ámbito da responsabilidade patrimonial da administración en relación coa atención educativa. O TSXG deulle a razón á familia e condenou á Consellería a indemnizala. Este é un claro exemplo dos problemas reais de inclusión que temos



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

na nosa Comunidade, pero esta reclamación importante é so unha pequena punta do iceberg.

Podemos falar tamén de nenos e nenas con discapacidades intelectuais ou psicosociais, persoas paralíticas cerebrais ou hipoacusias, cada vez menos atendidas, sen os necesarios recursos humanos e materiais, e acceso a servizos de apoio segundo as súas características persoais. Un bo exemplo no que hai que facer fincapé é en que sobre a atención educativa a alumnos e alumnas xordas e persoas con déficits sensoriais, a praza de Déficit sensoriais do EOE de Ourense leva máis de sete anos sen cubrir.

Cada ano máis, curso tras curso, está a caer sistematicamente a atención imprescindible. As nosas escolas non teñen profesionais suficientes para detectar, tratar e apoiar a realidade que atopan nas aulas. Estase abandonando á súa sorte ao alumnado que máis o necesita porque *quen nos mal goberna di que é custoso manter a insuficiente atención que se lle está a prestar a algunhas persoas*, nin moito menos a todas as que o precisan, nos centros escolares públicos.

Os pais e nais de nenos e nenas con NEAE estanse mobilizando contra o maltrato institucional, contra o discurso da fachenda e a mentira, contra as excusas económicas. Están saíndo ás rúas demandando solucións. Así a concentración convocada pola plataforma de familias agrupadas baixo o lema *Dereitos, non parches*, reuniu a quince asociacións de pais e nais de alumnos e alumnas de colexios da Coruña o día 8 de outubro para esixir solucións que garantan a atención á diversidade nos centros educativos.

O Goberno do PP leva anos gabándose dun dato que é que o 90% do



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

alumnado con NEE en Galicia se atopa escolarizado en centros ordinarios, pero ese dato queda completamente baleiro de significado cando desde a propia Consellería se eliminan os medios para que estea atendido como precisa.

Nun manifesto elaborado polo colectivo de anpas dise: *Só con persoal especialista de atención á diversidade non se logra a inclusión, pero sen el temos claro que é imposible acadala*, así comeza o texto, que lle afea á Xunta que *debera ser quen protexa as persoas que polas súas circunstancias teñen máis risco de exclusión e non un inimigo ao que enfrontarse para elas... Porque non pode haber educación de calidade para ninguén nun sistema que ignora, que invisibiliza e nega a diversidade: un sistema no que hai xente que non recibe o que precisa para aprender é un sistema que só pode ensinarlles a todas e todos un mundo pequeno e inxusto*, así conclúe o manifesto.

Cal é a resposta da Consellería? “Tras declaracións contraditorias nas que tanto se negaba esa carencia como se atribuía a mesma a erros e confusións, a Consellería de Educación convocou prazas para algúns deles, se ben non para todos e só con medias dedicacións en centros onde eliminara profesionais a tempo completo. A Xunta afirma así que as necesidades quedan cubertas”, lamentan as familias, que critican “que non se trata dunha carencia puntual senón dun desprezo continuado pola adecuada atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo”.

Iso está acontecendo en toda Galicia. A preocupación é enorme diante dunha realidade demoledora. As anpas e as Federacións de pais e nais, non poden



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

enfascarse en temas fiscais e de contabilidade. O goberno actual quere potenciar que xestionen servizos, esa non é a súa función. Si a de defender os dereitos dos seus fillos e fillas, si participar na Comunidade Educativa. Si desenmascarar a quen lles di que estamos mellor que nunca.

O sistema educativo colabora sempre con servizos externos que traballan co alumnado, ben sexa a nivel público ou a nivel privado. Pero unha cousa é a colaboración e outra que eses servizos externos, privados, baixo a forma de gabinetes, fundacións, spin off, asociacións... pretendan pilotar a atención a diversidade, que é o que está no fondo da política desta Consellería. Así o vemos na pretensión de eliminar do catálogo de postos de traballo dos centros de primaria a PT e AL. Teñen tamén a idea de eliminalos dos centros de secundaria? Trátase sempre de precarizar a atención á diversidade para que acabe en mans privadas.

Ademais, as “colaboracións” páganas sempre as familias, por máis que se vista de colaboración. Un exemplo, se ASPANAES vai a un colexio formar aos docentes, porque no hai formación ..., págano o pais e nais.

Vemos esa mesma tendencia no recentemente presentado Protocolo de Atención ao alumnado de AACC. O primeiro que chama a atención é que non ten autoría. En tal caso, os autores ou autoras son Varios. Semella un Documento que ten a finalidade de protexer determinados intereses, alleos e contrarios aos do sistema educativo público.

Non foi elaborado coa implicación de profesionais e técnicos expertos que



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

van ter que aplicalo. Nin se lles remitiu para facer suxestións. Tan só se contou con profesionais do equipo específico de A Coruña. Só participaron representantes dos departamentos de orientación de A Coruña.

Consagra un modelo ríxido e pechado, ancorado no clínico, non de servizos nin de intervención de programas. Ademais nin sequera se prevé a súa avaliación. Existen modelos máis ricos, dinámicos e participativos con demostrada eficacia e eficiencia tanto nos procesos de intervención como nos resultados. Tampouco está deseñado para que se faga a detección do alumnado nos centros xa que implicaría que se reduciría o negocio para os gabinetes externos.

Queremos facer constar que a lexislación de atención á diversidade está OBSOLETA. O Comité das Nacións Unidas ínstanos a contemplar a educación inclusiva como un dereito e non como un principio. A solución pode estar aí. En garantir que as persoas con discapacidade non fiquen excluídas da educación primaria gratuíta ou obrigatoria ou da educación secundaria, por discapacidade.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Garantir unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con NE-AE en centros sostidos con fondos públicos.
- Actualizar a lei considerando a inclusividade un dereito e non só un principio.
- Dotar de suficiente persoal aos centros para atender as necesidades que existen a nivel cualitativo e cuantitativo.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Ofrecer unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios in-clusivos e de individualización da intervención educativa.
- Adecuar os centros docentes ás disposicións vixentes en materia de promo-ción da accesibilidade universal como marca a Convención de Nacións Unidas.
- Impulsar a formación de todo o profesorado na atención ao alumnado con NEAE con cartos públicos.
- Adoptar outras actuacións para propiciar a calidade e a equidade no ámbito da atención á diversidade.
- Crear un modelo propio de atención ás AACC que garanta unha axeitada resposta ao alumnado de altas capacidades dende os centros educativos públicos da comunidade galega.
- Ter en conta as recomendación do informe do Comité das Nacións Unidas sobre a consideración do noso sistema educativo para eliminar a discrimi-nación.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019

Asdo: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputada e vicevoceira do Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 15:44:10**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 57777  
Data envío: 17/10/2019 16:02:37.607

**Luca Chao Pérez na data 17/10/2019 15:44:23**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **María Luisa Pierres López, Patricia Otero Rodríguez, e Teresa Porrirt Lueiro** e do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, establece no seu artigo 84, apartado 6 sobre a opción de tributación conxunta, que todos os membros da unidade familiar quedarán conxunta e solidariamente sometidos ó imposto, sen prexuízo do dereito a prorratear entre si a débeda tributaria, segundo a parte de renda suxeita que corresponda a cada un deles.

Todas as persoas membros dunha unidade familiar teñen a consideración de codeudor fronte a Facenda Pública, polo que a Administración pode dirixirse contra o patrimonio de calquera dos seus membros para facer efectiva a totalidade da débeda tributaria resultante da declaración en tributación conxunta.

Establecida pois, a responsabilidade solidaria de marido e muller e do resto de membros da unidade familiar nas obrigas tributarias derivadas da declaración conxunta do imposto e coa firme convicción de que a violencia de xénero non require unha única solución, senón un conxunto de solucións, e non só penais, senón tamén civís e, por suposto, de formación, educación e concienciación, o Grupo Socialista entende necesario abordar a situación existente no caso de que a Facenda Pública esixa un suposto de responsabilidade de débeda tributaria por declaración conxunta do IRPF cando un dos membros da unidade familiar que teña exercido esa opción de tributación sexa condenado por violencia de xénero sobre o outro membro da unidade familiar.

A violencia económica é unha realidade que existe e existirá de non corrrixirse. É unha das manifestacións de violencias machistas recollidas na Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e afecta ás mulleres vítimas e ós e ás menores integrantes da unidade familiar.





Dita violencia ademais de exercerse durante a relación de parella pode seguir manténdose unha vez se produce a separación tal e como se ten exposto con anterioridade. O pago de pensións alimenticias, de cargas hipotecarias ou de débedas producidas polo maltratador durante o período de convivencia, é un instrumento de coacción e ameaza que habitualmente é empregado polo maltratador para seguir exercendo violencia contra a súa exparella.

As leis de protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero normalmente se centran máis na protección e na atención ás vítimas, pero é imprescindible ademais garantir que unha vez se consegue saír da situación de violencia e maltrato, as mulleres poidan restituír o seu proxecto de vida sen ningún tipo de carga, neste caso económica, que proveña do maltratador.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a modificación necesaria das figuras impositivas sobre as que ten competencias normativas que permita protexer a capacidade económica dos e das menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia”

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López

Patricia Otero Rodríguez

Teresa Porritt Lueiro

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 17/10/2019 13:58:29**

**Patricia Otero Rodríguez na data 17/10/2019 13:58:45**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 17/10/2019 13:58:58**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 57780**  
Data envío: 17/10/2019 16:12:28.548

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2019 13:59:09**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG4EIJ2FAoC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os operadores xurídicos: avogacía, procuradoría, fiscalía, xuízas/xuíces, maxistrados/as, e o propio persoal xudicial xunto coas autoridades locais solicitaron a conversión en diaria das gardas xudiciais nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais da Coruña e de Vigo. O acordo na xunta sectorial de xuíces e xuízas dos dous partidos xudiciais, celebrada de forma simultánea nos dous partidos xudiciais en Vigo e na Coruña, foi unánime e acordouse trasladar a resolución ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A petición que partiu dos sindicatos e das xuntas sectoriais de xuíces e xuízas de cada partido xudicial, sumáronse os letrados/as da administración de xustiza, na que solicitan que se realice o cambio das gardas de 24 horas con quenda rotatoria diaria nos xulgados de Instrución dos partidos xudiciais de Vigo e da Coruña. Esta solicitude que se trasladou á sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia enviouse ao órgano de goberno de xuízas e xuíces: o Consello Xeral do Poder Xudicial que é quen resolverá favorablemente ou non sobre esta solicitude.

Esta medida de cambio de garda diaria suporía unha axilización na tramitacións dos procedementos e unha mellor organización dos mesmos, así como unha mellor tutela xudicial efectiva das persoas detidas e da axilización dos xuízos



rápidos. Ademais, con respecto aos profesionais da medicina forense que desenvolven o seu traballo no IMELGA destas vilas suporía, por fin, a adaptación do seu horario de traballo á normativa europea sobre descansos.

As gardas semanais nos xulgados colapsan o normal funcionamento do xulgado para trámites tan sinxelos como a consulta de expedientes por parte dos profesionais, dando lugar a demoras que implican case dúas semanas, unha porque mentres o xulgado está de garda só atenden as gardas e na semana seguinte seguen ocupándose daquelas cuestións que non admiten demora, co que o retraso é innegable. O cadro de persoal acaba esgotado despois da realización de gardas semanais, ademais de perder o fío condutor no resto de expedientes tramitados.

Na actualidade as gardas prólónganse ata as 20:00 horas, inda que se se dan imprevistos a xornada prólóngase.

A Fiscalía tamén comparte esta solicitude de cambio de garda cada 24 horas con quenda rotatoria diaria. Os xuízos rápidos axilizaríanse naqueles asuntos como os de violencia de xénero, ou naqueles asuntos nos que se producen delitos contra as persoas de paso, así como a redución de tempo nos calabozos das persoas detidas.

Os partidos xudiciais de Vigo e A Coruña son os únicos que non teñen un formato diario de cambio de gardas, un sistema que funciona no resto de cidades, e hai xulgados no que este sistema xa foi aprobado. Con esta medida perséguese a equiparación dos dous partidos xudiciais galegos con 8 xulgados de instrución, cos do resto do Estado.

Con este cambio de garda diario faríase fronte ao traballo cunha maior axilidade, atención aos detidos e carga de traballo que repercutiría na mellora de servizo público.

Agora esta solicitude de cambio de garda diaria, e non semanal como se ven facendo, enviouse ao Consello Xeral do poder Xudicial que é o competente para



resolver sobre a mesma. Esta cuestión xa se solicitara e denegada no ano 2011 polo Consello Xeral do poder Xudicial.

Asociacións de xuízas e xuíces tamén se mostraron favorables á medida, que ten que contar cos informes favorables da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia e do Ministerio de Xustiza. Estes informes inda non se presentaron segundo informacións do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Consello Xeral do poder Xudicial, a través da Comisión Mixta, para:

- 1.- Aprobar a conversión da garda xudicial dos xulgados de instrución en gardas de 24 horas con quenda rotatoria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais da Coruña e de Vigo, xunto coa previsión orzamentaria que proceda.
- 2.- Dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que emita e envíe informe favorable á conversión das gardas xudiciais de 24 horas e quenda rotatoria ao CXPX.
- 3.- Dirixirse a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta para que emita e envíe o informe favorable de conversión das gardas dos xulgados de instrución en xornadas de 24 horas con quenda rotatoria ao Consello Xeral do Poder Xudicial a través da Comisión Mixta.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputada do G.P. Mixto.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 17/10/2019 16:42:33**

**Luis Villares Naveira na data 17/10/2019 16:42:40**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga), dependente da Consellería de Política Social, ten que atender a máis de 3.000 persoas (coas figuras da tutela, curadoría ou defensa xudicial), pero para iso só conta con 23 traballadoras.

O aumento do número de persoas as que debe atender foi moi importante, xa que nos seus inicios atendía apenas a 70 persoas, pero no ano 2018 xa atendeu a 3.600.

Os orzamentos adicados a FUNGA son totalmente insuficientes, sendo pouco máis de 1 millón de euros para todos os seus gastos. Isto implicou que en varias ocasións, ante a falta de planificación nos orzamentos, a Xunta de Galicia tivera que realizar inxeccións de urxencia para atender os gastos ordinarios. Por exemplo, a finais do ano 2018 tívolve que inxectar 400.000 euros non previstos, xa que quedara sen fondos para gasto corrente.

Así mesmo, nos últimos anos, emitíronse diversas sentenzas xudiciais nas que quedan en **evidencia diversos intentos da Funga por desviar competencias ou**



## responsabilidades propias a outros organismos públicos ou entidades sociais.

A propia Xunta de Galicia ten admitido que a tendencia é que o número de persoas tuteladas por esta entidade vaia en aumento, pero, sen embargo, non acompaña estas previsións nin cun aumento orzamentario significativo nin cun aumento do persoal.

En maio de 2018, a Consellería de Política Social cubriu a praza de Dirección-Xerencia da FUNGA, vacante dende 2015, cun cargo do PP de Ferrol sen experiencia no eido social.

Polo exposto preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o persoal e o orzamento dedicado á FUNGA para que poida dar resposta o número de persoas que atende.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**








# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2019 17:22:42**

**José Manuel Lago Peñas na data 17/10/2019 17:22:53**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG4EIJ2PAoC8

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

